

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIONES TERRITORIAIS

3764 *Real decreto 131/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil.*

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, estableceu que o réxime do persoal do corpo da Garda Civil se tería que rexer pola súa lei específica e que se debería actualizar cunha nova estrutura de escalas, na cal se regulen os sistemas de ensino e promoción profesional dos seus membros, baseándose na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade e, dada a natureza militar do dito instituto armado e a condición militar dos seus membros, naquela lei.

Este requirimento deu como resultado a publicación da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, cuxo obxectivo é establecer un sistema integral no cal, ao ser o elemento humano o máis importante, se posibilite un adecuado proceso de selección, se proporcione a necesaria formación, tanto inicial como ao longo de toda a vida profesional, e se brinden suficientes oportunidades de promoción.

Do mesmo modo, débese facilitar unha xestión eficiente dos recursos humanos, co obxectivo último de dispoñer de homes e mulleres capacitados para daren resposta ás funcións asignadas á Garda Civil e ás necesidades de seguridade dos cidadáns.

A Lei 29/2014, do 28 de novembro, dedica o seu título IV ao ensino na Garda Civil e recolle a súa estrutura e as finalidades de cada tipo de ensino, as modalidades de acceso ao ensino de formación e os requisitos requiridos para isto, entre os cales destacan os de titulación, os centros docentes, os plans de estudos e o réxime do alumnado e do profesorado.

A propia lei establece o ensino como un elemento fundamental no réxime de persoal que se pretende establecer, experimentando con esta norma unha importante reforma, o que supón un avance na integración do sistema de ensino da Garda Civil no Sistema educativo español e unha adaptación da formación dos oficiais á reordenación dos títulos universitarios, coa existencia dun título de grao para o acceso á escala de oficiais, imprescindibles para seguir proporcionando a aqueles as competencias necesarias para o seu exercicio profesional.

As modificacións no ámbito do ensino establecidas na Lei 29/2014, do 28 de novembro, son de tal transcendencia que non soamente afectan as condicións de ingreso, senón que fan necesario establecer unha ordenación de todo o sistema que afecte tanto o ensino de formación como o de perfeccionamento e o de altos estudos profesionais; desta maneira, facilítase unha visión de conxunto en beneficio tanto dos actuais compoñentes da Garda Civil como dos futuros aspirantes a ingresar no corpo.

No capítulo I do regulamento recóllense distintas definicións que, por un lado, contribúen á mellor comprensión do texto e, por outro, servirán de referencia á estrutura normativa que o desenvolva no ámbito da Garda Civil. Así mesmo, créase o Rexistro de Centros, Cursos e Títulos da Garda Civil, o cal servirá de base para conformar anualmente o plan global de cursos, documento que xurdirá como resultado do proceso de planeamento das ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos profesionais.

No capítulo II establécese o procedemento xeral de acceso ao ensino de formación da Garda Civil e recóllese a provisión anual de prazas como primeiro paso para o ingreso e a promoción no corpo.

Para facilitar a promoción profesional dos gardas civís, reservarase para os membros das escalas de suboficiais e a de cabos e gardas unha porcentaxe das prazas que se oferten anualmente para o acceso á escala de oficiais. Así mesmo, a totalidade das prazas

para ingreso na escala de suboficiais serán reservadas para os membros da de cabos e gardas.

Recóllese tamén a concesión con carácter eventual, e para os efectos académicos, de prácticas e retributivos, neste último caso, segundo se determina no capítulo IX, dos empregos de alférez, sarxento e garda civil, coas denominacións específicas que se establezan.

No capítulo III determínase que o ensino de formación para acceder a cada unha das escalas se identifica con algún dos niveis do Sistema educativo español, en función dos requisitos exixidos para o seu acceso e do seu contido, e recóllese catro sistemas de ingreso en función dos requisitos de titulación exixida no ensino de formación para o acceso á escala de oficiais.

Finalmente, para completar o desenvolvemento da Lei 29/2014, do 28 de novembro, no que concirne ao ensino de formación, dentro deste capítulo establécese o sistema para integrar nunha única clasificación final os que, de diversas procedencias, se incorporen a unha escala no primeiro emprego.

No capítulo IV régúlase o ensino de perfeccionamento e o de altos estudos profesionais. Dentro do desenvolvemento profesional dos gardas civís, constitúe unha parte importante a permanente actualización de coñecementos e as posibilidades de especialización coas cales poder reorientar a súa carreira e mellorar o seu desempeño profesional, adquirindo as competencias con que progresar na carreira profesional, o que constitúe, por tanto, un obxectivo permanente do sistema de persoal da Garda Civil.

Como novidade, recóllese a obriga de establecer os medios e os procedementos para posibilitar o desenvolvemento da carreira profesional dos gardas civís aos cales se lles establece unha incapacidade que comporte unha limitación para ocupar determinados destinos, reorientándoa, se é o caso, a través do ensino de perfeccionamento que sexa necesario e adecuado.

Créanse o Rexistro de Actividades Formativas de Interese e o Catálogo de cualificacións específicas da Garda Civil como base para elaborar a oferta formativa do sistema de ensino do corpo.

Constitúe unha novidade importante o feito de que aos gardas civís que se incorporasen ao servizo activo procedentes da excedencia por coidado de familiares, violencia de xénero ou vítima do terrorismo se lles outorgue preferencia, durante un ano, na adxudicación de prazas para participar en determinadas actividades formativas, sempre que estean relacionadas co posto de traballo ao cal se van reincorporar.

Dentro do ensino de perfeccionamento, destaca como novidade a inclusión das normas relativas aos cursos de capacitación, que serían aplicables aos alumnos seleccionados para os correspondentes cursos.

Recóllese tamén a existencia do sistema de formación continua, cuxa finalidade é a permanente actualización dos coñecementos profesionais dos gardas civís e que deberá ser desenvolvido posteriormente.

A prol de garantir a igualdade efectiva de mulleres e homes, inclúense medidas para facilitar a incorporación e a promoción profesional da muller e establécese, ademais, de maneira específica, unha especial protección para a muller embarazada ou de parto recente á hora de realizar as probas físicas nun proceso de selección.

Como resposta a todo isto, no capítulo V recóllese as medidas de protección da maternidade ás cales se poderán acoller as mulleres gardas civís, as alumnas do ensino de formación para o ingreso nas distintas escalas do corpo e as admitidas ás probas selectivas para o acceso ao ensino de formación da Garda Civil, que por se encontraren en período de embarazo, parto, posparto ou por faceren uso do permiso de lactación dun fillo menor de doce meses, non poidan realizar en condicións de igualdade os cursos comprendidos no ensino de formación, de perfeccionamento e de altos estudos profesionais que se desenvolvan nos centros docentes da Garda Civil, así como os procesos selectivos previos que haxa que superar para acceder a eles.

No capítulo VI créase o centro de perfeccionamento como referencia do ensino de perfeccionamento que se imparte nas distintas escolas ou centros da Garda Civil baixo a dirección da xefatura de ensino.

Neste regulamento tamén se determinan os períodos e os centros docentes nos cales se impartirá o ensino de formación para os que accedan ao ensino de formación para a incorporación á escala de oficiais con titulación universitaria ou con exixencia previa de determinados créditos de educación superior.

Dáse cumprimento, igualmente, ao requirimento incluído na Lei 29/2014, do 28 de novembro, acerca de que, co fin de asegurar a calidade do sistema, o ensino na Garda Civil estará sometido a un proceso continuado de avaliación. Con este fin, no capítulo VII dítanse normas para a avaliación da calidade do ensino na Garda Civil e son obxecto de avaliación tanto os tres tipos de ensino como os centros docentes da Garda Civil.

No capítulo VIII regúlanse, como novidade no corpo, os criterios para efectuar recoñecementos, homologacións e validacións no ámbito do ensino da Garda Civil e establécense as bases que deberán ser posteriormente desenvolvidas.

No capítulo IX recóllense as retribucións dos alumnos dos centros docentes de formación para acceso ás distintas escalas do corpo da Garda Civil e inclúense os alumnos que adquiren a condición de garda civil, despois de superaren o ensino de formación nos centros docentes de formación correspondentes, no réxime xeral da Seguridade Social.

Entre as distintas disposicións que incorpora o real decreto, destacan as accións de formación que deberá promover o Centro Universitario da Garda Civil co obxecto de facilitar o desenvolvemento e a promoción profesional dos gardas civís.

Cabe sinalar igualmente que se prevé o inicio no cómputo das convocatorias consumidas polos compoñentes da Garda Civil, nos procesos de promoción profesional para o acceso ás escalas de oficiais e de suboficiais, a partir dos procesos selectivos do curso académico 2019-2020, con independencia das convocatorias que se consumisen anteriormente á dita data.

En canto ao seu contido e tramitación, observa os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos como principios de boa regulación polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por último, en cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, este real decreto foi sometido ao informe do Consello da Garda Civil.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nas regras 4.^a e 29.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas, e de seguridade pública, respectivamente, e ten a súa habilitación legal no establecido nos artigos 33, 35 e 42 e na disposición derradeira quinta da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de marzo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil.*

Apróbase o Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Apoio á promoción profesional.*

O Centro Universitario da Garda Civil facilitará o desenvolvemento e a promoción profesional dos gardas civís promovendo accións de formación que permitan a obtención de títulos universitarios de grao e posgrao. Con carácter previo, e co obxecto de alcanzar

a maior coordinación do ensino na Garda Civil, estas accións de formación serán fixadas polo director xeral da Garda Civil.

A Dirección Xeral da Garda Civil realizará as accións oportunas, ante as autoridades educativas, que permitan equiparar as titulacións ou, se é o caso, as equivalencias do Sistema educativo español, obtidas polos gardas civís no acceso ás distintas escalas con anterioridade á aprobación deste real decreto coas que se prevén no acceso ás correspondentes escalas.

Disposición adicional segunda. *Estudos no estranxeiro.*

1. Os gardas civís poderán cursar ensinanzas en centros docentes civís ou militares noutros países de acordo cos tratados ou convenios subscritos por España ou como consecuencia dunha invitación específica, logo da conformidade outorgada por unha das autoridades que se indican no artigo 39.7 do regulamento aprobado por este real decreto.

2. As autoridades que resulten competentes, de acordo co establecido no punto anterior, determinarán os efectos da superación dos cursos e realizarán a selección do persoal para asistir a eles.

Disposición adicional terceira. *Supresión da Academia de Gardas e de Suboficiais da Garda Civil.*

Queda suprimida a Academia de Gardas e de Suboficiais da Garda Civil.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación supletoria de normas.*

No que non se opoña ao regulamento aprobado por este real decreto, serán de aplicación supletoria as normas que regulan o ensino militar no ámbito das Forzas Armadas.

Disposición transitoria primeira. *Cómputo de convocatorias consumidas e renunciadas efectuadas.*

Para os efectos do establecido nos artigos 20 e 52 do regulamento aprobado por este real decreto, o cómputo das convocatorias comezará a contar a partir dos procesos selectivos correspondentes ao curso académico 2019-2020, así como, no caso das renunciadas, unha vez seleccionados, aos cursos de capacitación para o ascenso cuxa data de inicio sexa posterior ao 1 de xullo de 2018, e tendo en conta o disposto no número 2 da disposición transitoria décimo primeira da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

Disposición transitoria segunda. *Efectos das homologacións no ámbito do ensino da Garda Civil. Recoñecemento de créditos ou confirmacións de módulos, materias e disciplinas.*

Mentres non sexa desenvolvido o Catálogo de cualificacións específicas da Garda Civil, o recoñecemento para efectos internos de créditos ou confirmacións de módulos, materias e disciplinas no ensino da Garda Civil realizarase asociando os créditos, módulos, materias e disciplinas co exercicio das especialidades correspondentes, sempre que se cumpran o resto de requisitos e condicións exixidos para o seu desenvolvemento.

As homologacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor do regulamento aprobado por este real decreto non desprezarán os efectos sobre a servidume ou a consideración como destinable forzoso que puider ter o título, diploma ou curso homologado para efectos internos no ámbito da Garda Civil.

Disposición transitoria terceira. *Cursos de complemento de formación.*

Ás gardas civís que sexan nomeadas alumnas dos cursos de complemento de formación que se convoquen de acordo coa disposición transitoria terceira da Lei 29/2014,

do 28 de novembro, seralles de aplicación, de ser o caso, o disposto no capítulo V do regulamento aprobado por este real decreto.

Disposición transitoria cuarta. *Cursos de capacitación para o persoal das escalas a extinguir da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.*

1. Terán a consideración de cursos de capacitación, segundo o disposto no regulamento aprobado por este real decreto, os dos empregos de coronel da escala facultativa superior, tenente coronel da escala de oficiais e da escala facultativa técnica, todas elas da Lei 42/99, do 25 de novembro, previstos na disposición transitoria oitava da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

2. Para asistir aos cursos de capacitación previstos no punto anterior, será seleccionado un número limitado de alumnos mediante avaliacións previas, que serán realizadas conforme o que se estableza na normativa que regule as avaliacións e ascensos na Garda Civil.

Disposición transitoria quinta. *Procesos selectivos iniciados.*

Os procesos selectivos xa iniciados no momento da entrada en vigor deste real decreto continuarán rexéndose ata a súa finalización pola normativa pola cal foron convocados, coa excepción do disposto no capítulo V deste real decreto, que sería aplicable desde a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria sexta. *Ascenso a cabo.*

Tanto o proceso selectivo como o curso de capacitación para o ascenso ao emprego de cabo continuarán rexéndose pola normativa actual mentres o director xeral da Garda Civil non aprobe as bases xerais das convocatorias e os requisitos e circunstancias aplicables ao concurso-oposición e ao curso de capacitación, de acordo co disposto no artigo 54.7 do regulamento aprobado por este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, especificamente, o Real decreto 597/2002, do 28 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso nos centros docentes de formación do corpo da Garda Civil; o Real decreto 483/1999, do 18 de marzo, polo que se crean os centros docentes de formación da Garda Civil, e o Real decreto 1145/2006, do 6 de outubro, polo que se regulan as retribucións dos alumnos dos centros docentes de formación para acceso ás diferentes escalas do corpo da Garda Civil.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a e 149.1.29.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas, e de seguridade pública, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento. Normas de organización e funcionamento dos centros docentes, requisitos xerais do profesorado e réxime de alumnos da Garda Civil.*

Facúltanse os ministros de Defensa e do Interior para ditaren, dentro da súa competencia, cantas disposicións consideren necesarias para a execución e desenvolvemento deste real decreto e do regulamento que aproba.

En particular, no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, determinarán conxuntamente as normas de organización e funcionamento dos centros

docentes, os requisitos xerais do profesorado dos centros da estrutura docente da Garda Civil e as condicións do seu exercicio, así como o réxime do alumnado dos centros docentes de formación da Garda Civil.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de marzo de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

REGULAMENTO DE ORDENACIÓN DO ENSINO NA GARDA CIVIL

ÍNDICE

- Capítulo I. Disposicións xerais.
 - Artigo 1. Obxecto.
 - Artigo 2. Ámbito de aplicación.
 - Artigo 3. Definicións.
 - Artigo 4. Unidades de medida nas distintas modalidades de ensino.
 - Artigo 5. Rexistro de Centros, Cursos e Títulos da Garda Civil.

- Capítulo II. Procedemento xeral de acceso ao ensino de formación da Garda Civil.
 - Sección 1.^a Xeneralidades.
 - Artigo 6. Provisión anual de prazas.
 - Artigo 7. Formas de ingreso.
 - Artigo 8. Sistemas de selección.
 - Artigo 9. Ensinanzas e prazas no Centro Universitario da Garda Civil.
 - Artigo 10. Normas dos procesos selectivos.

 - Sección 2.^a Convocatorias.
 - Artigo 11. Xeneralidades.
 - Artigo 12. Orde de actuación dos aspirantes.
 - Artigo 13. Bases comúns.
 - Artigo 14. Bases específicas.
 - Artigo 15. Convocatorias extraordinarias.

 - Sección 3.^a Órganos de selección.
 - Artigo 16. Criterios xerais.
 - Artigo 17. Tribunais e comisións permanentes de selección.

 - Sección 4.^a Requisitos que deben reunir os aspirantes.
 - Artigo 18. Principio xeral.
 - Artigo 19. Requisitos xerais dos aspirantes.
 - Artigo 20. Outros requisitos xerais dos aspirantes en determinados procesos selectivos.
 - Artigo 21. Requisitos específicos de idade.
 - Artigo 22. Requisitos específicos de titulación.

 - Sección 5.^a Solicitud de participación nos procesos selectivos.
 - Artigo 23. Solicitudes.
 - Artigo 24. Lista de aspirantes admitidos e excluídos ás probas.
 - Artigo 25. Achega de documentación.
 - Artigo 26. Relacións de aspirantes propostos para ingresaren como alumnos.

 - Sección 6.^a Nomeamento de alumnos.
 - Artigo 27. Nomeamento de alumnos dos centros docentes de formación.

 - Sección 7.^a Impugnacións e recursos.
 - Artigo 28. Impugnacións.
 - Artigo 29. Recursos.

Capítulo III. Do ensino de formación.

Sección 1.^a Ensino de formación para o acceso ás escalas da Garda Civil.

Artigo 30. Principios xerais.

Artigo 31. Ensino de formación para o acceso á escala de oficiais.

Artigo 32. Ensino de formación para o acceso á escala de suboficiais.

Artigo 33. Ensino de formación para o acceso á escala de cabos e gardas.

Sección 2.^a Aspectos comúns.

Artigo 34. Plans de estudos.

Artigo 35. Distribución da carga lectiva.

Artigo 36. Normas de progreso e de permanencia.

Artigo 37. Consecuencias da superación dos plans de estudos.

Artigo 38. Sistema de integración nunha única clasificación final.

Capítulo IV. Do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais.

Sección 1.^a Xeneralidades.

Artigo 39. Principios xerais.

Artigo 40. Continuación ou reorientación da carreira profesional para gardas civís cunha limitación para ocupar determinados destinos por insuficiencia de condicións psicofísicas.

Artigo 41. Planificación do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais.

Artigo 42. Plans de estudos e programas formativos.

Artigo 43. Selección dos alumnos.

Artigo 44. Adiamentos.

Artigo 45. Baixas.

Artigo 46. Colaboración con institucións e centros educativos.

Artigo 47. Rexistro de Actividades de Interese para a Garda Civil.

Artigo 48. Catálogo de cualificacións específicas da Garda Civil (Ccegucci).

Sección 2.^a Ensino de perfeccionamento.

Artigo 49. Estrutura.

Artigo 50. Cursos de capacitación para o ascenso.

Artigo 51. Asistencia aos cursos de capacitación.

Artigo 52. Renuncias aos cursos de capacitación.

Artigo 53. Curso de capacitación para o ascenso a comandante.

Artigo 54. Curso de capacitación para o ascenso ao emprego de cabo.

Artigo 55. Cursos de especialización.

Artigo 56. Acceso aos cursos de especialización.

Artigo 57. Sistema de formación continua.

Artigo 58. Cursos de actualización ou ampliación de coñecementos.

Artigo 59. Seminarios, xornadas e outras actividades.

Sección 3.^a Dos altos estudos profesionais.

Artigo 60. Altos estudos profesionais. Finalidades.

Artigo 61. Estrutura dos cursos de altos estudos profesionais.

Artigo 62. Curso de capacitación para o ascenso a xeneral de brigada e curso de estado maior das Forzas Armadas.

Capítulo V. Medidas de protección da maternidade.

Artigo 63. Conceptos xerais.

Artigo 64. Medidas relativas aos procesos de selección para o ingreso na Garda Civil.

- Artigo 65. Medidas relativas ao ensino de formación.
Artigo 66. Medidas relativas ao ensino de perfeccionamento e ao de altos estudos profesionais.

Capítulo VI. Dos centros docentes e do Centro Universitario da Garda Civil.

- Artigo 67. Xeneralidades sobre os centros docentes.
Artigo 68. Centros docentes de formación.
Artigo 69. Organización e funcionamento dos centros docentes de formación.
Artigo 70. Centro docente de perfeccionamento.
Artigo 71. Centro Universitario da Garda Civil.

Capítulo VII. Da avaliación da calidade do ensino.

- Artigo 72. Conceptos xerais da avaliación.
Artigo 73. Avaliación dos centros docentes.
Artigo 74. Proceso de avaliación dos centros docentes.
Artigo 75. Avaliación dos plans de estudos.

Capítulo VIII. Dos recoñecementos e das validacións.

- Artigo 76. Xeneralidades.
Artigo 77. Recoñecementos de créditos.
Artigo 78. Homologacións no ámbito do ensino da Garda Civil.
Artigo 79. Confirmacións no ámbito do ensino da Garda Civil.
Artigo 80. Exclusións.

Capítulo IX. Retribucións dos alumnos dos centros docentes de formación para acceso ás distintas escalas do corpo da Garda Civil.

Artigo 81. Retribucións dos alumnos que ingresen polo sistema de acceso directo nos centros docentes de formación.

Artigo 82. Retribucións dos alumnos que ingresen nos centros docentes de formación polo sistema de promoción profesional.

Artigo 83. Cómputo, para efectos de trienios, do período de formación dos alumnos dos centros docentes de formación.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este regulamento ten por obxecto establecer e regular os requisitos e os procedementos para ingresar nos centros docentes de formación para cursar as ensinanzas que permitan o acceso ás distintas escalas do corpo da Garda Civil.

Así mesmo, dispóñense os criterios de ordenación das ensinanzas de formación, de perfeccionamento e de altos estudos profesionais na Garda Civil, de acordo coas finalidades recollidas no artigo 28.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil.

2. O número de prazas, os requisitos e as probas para o ingreso polo sistema de acceso directo sen titulación universitaria previa ao ensino de formación para a incorporación á escala de oficiais da Garda Civil rexeranse polo establecido na súa normativa específica para os membros das escalas de oficiais dos corpos xerais das Forzas Armadas, de acordo co establecido no artigo 40.2 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

O disposto neste regulamento será de aplicación ao persoal que curse as ensinanzas de formación, de perfeccionamento e de altos estudos profesionais.

Así mesmo, será de aplicación aos aspirantes que vaian participar nos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes de formación que facultan para o acceso ás distintas escalas da Garda Civil, excepto para o acceso á escala de oficiais sen titulación universitaria previa.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste regulamento, das normas que o desenvolven e das convocatorias que se anuncien de acordo co seu contido, no ámbito da Garda Civil enténdese por:

a) Alumno: o aspirante proposto para ingresar como alumno que fai a súa presentación no centro docente de formación na data que lle fose fixada e é nomeado como tal polo director do centro.

Terá tamén a dita consideración o garda civil seleccionado como tal para tomar parte nalgunha actividade formativa encadrada nas ensinanzas de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais.

b) Proceso selectivo: o conxunto de actos, probas e avaliacións desenvolvidas polas autoridades competentes e polos órganos de selección, que se inicia coa publicación da convocatoria e finaliza co nomeamento dos aspirantes propostos para ingresar como alumnos.

c) Concurso: o sistema de selección que consiste na comprobación e na cualificación de determinados méritos tanto dos aspirantes admitidos ás probas, para establecer a súa orde de prelación no proceso selectivo de acceso ás distintas escalas, como dos gardas civís que opten a unha actividade formativa encadrada nas ensinanzas de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais.

d) Oposición: o sistema de selección que consiste na celebración dunha ou máis probas para determinar a capacidade e a aptitude dos aspirantes admitidos ás probas e para fixar a súa orde de prelación no proceso selectivo de acceso ás distintas escalas. Este sistema poderá ser utilizado para determinar a capacidade e a aptitude, e para fixar a orde de prelación dos gardas civís que opten a unha actividade formativa encadrada nas ensinanzas de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais.

e) Concurso-oposición: o sistema de selección que consiste na realización dos sistemas de concurso e de oposición para fixar a orde de prelación tanto no proceso selectivo de acceso ás distintas escalas como no acceso a unha actividade formativa encadrada nas ensinanzas de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais.

f) Aptitude: calidade individual que se obtén tras a superación dunha actividade formativa e que poderá ter no ámbito de Garda Civil unha limitación temporal, de ser o caso, condicionada aos correspondentes procesos de mantemento e renovación.

g) Carga lectiva: é a suma dos créditos europeos (ECTS) ou das horas asignadas nun plan de estudos ou programa formativo a todos e cada un dos módulos, materias ou disciplinas que o compoñan, con excepción dos correspondentes á instrución e ao adestramento, se así se determina.

h) Cualificación específica: é o conxunto de competencias que proporcionan a aptitude requirida para o exercicio profesional en postos orgánicos de especialista.

i) Curso: conxunto de ensinanzas articuladas sobre un plan de estudos ou programa formativo cun fin concreto.

j) Curso de especialización: curso cuxo fin concreto é cualificar o persoal que o realice para ocupar postos orgánicos de especialista ou para o exercicio dunha actividade profesional nunha área concreta en determinados postos de traballo. Poderán ter esta consideración, tanto os realizados no sistema de ensino da Garda Civil como aqueles cuxa asistencia de persoal do corpo sexa organizada ou promovida por parte das autoridades competentes, segundo o disposto no artigo 39.7 deste regulamento.

k) Instrución e adestramento: conxunto de actividades de carácter eminentemente práctico conducentes a completar a formación militar, a de corpo de seguridade ou a técnica relacionada con cada escala, en que se poderán incluír, entre outros, exercicios, manobras, actos e cerimonia militares e prácticas en unidades, que se poderán levar a cabo nas distintas unidades do corpo ou dependentes dos ministerios do Interior ou de Defensa. Así mesmo, entre estas actividades poderíanse establecer períodos de orientación e adaptación.

l) Perfil: é o conxunto de competencias e capacidades que identifican a formación dun garda civil para asumir en condicións óptimas as responsabilidades propias das funcións que lle poidan corresponder.

1.º Perfil de egreso: conxunto de competencias e capacidades definidas que deben reunir os alumnos ao concluíren o plan de estudos ou programa formativo.

2.º Perfil de ingreso: conxunto de competencias e capacidades definidas no plan de estudos que deben reunir os alumnos de novo ingreso para o bo desenvolvemento deste.

m) Seminarios ou xornadas: actividades docentes nas cales, mediante o traballo en común de expertos e asistentes, se afonda, de forma participativa ou non, no coñecemento dalgunha disciplina.

n) Homologación no ámbito do ensino da Garda Civil: é o recoñecemento oficial da formación superada e das competencias adquiridas como equivalentes ás exixidas para a obtención da aptitude dun curso da institución.

o) Validación no ámbito do ensino da Garda Civil: é o recoñecemento oficial da validez de módulos ou disciplinas realizados respecto de parte dun curso da Garda Civil que permita aplicala, se é o caso, á súa realización.

Artigo 4. *Unidades de medida nas distintas modalidades de ensino.*

1. No ensino de formación de oficiais, os plans de estudos empregarán o crédito europeo (ECTS) como unidade de medida.

2. No ensino de formación de suboficiais e de cabos e gardas, os plans de estudos empregarán o número de horas nos mesmos termos que se emprega para os módulos e que recolle a normativa que regula a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo e, de ser o caso, o Sistema europeo de créditos para a educación e formación profesionais (ECVET). Non obstante, co obxecto de facilitar o posible acceso ás ensinanzas oficiais de grao, os distintos plans de estudos asignarán aos seus módulos e materias a súa equivalencia en número de créditos ECTS.

3. Cando os plans de estudos inclúan o módulo, a materia ou os períodos de instrución e adestramento, estes computaranse en días e semanas e non se poderán superar os 2,2 créditos ECTS/semanais ou as 35 horas semanais, segundo corresponda.

4. No ensino de perfeccionamento e no de altos estudos profesionais, os plans de estudos ou programas formativos dos cursos da Garda Civil empregarán como unidade de medida, en función da finalidade do curso, o crédito europeo (ECTS) ou o número de horas.

5. Os seminarios, xornadas e o resto de actividades computaranse en horas.

6. O número de horas por cada crédito europeo (ECTS) será de 25.

Artigo 5. *Rexistro de Centros, Cursos e Títulos da Garda Civil.*

No ámbito da xefatura de ensino existirá un Rexistro de Centros, Cursos e Títulos da Garda Civil. O ministro do Interior regulará o seu réxime, organización e funcionamento, que deberá recoller a necesidade de que este sexa atendido cos recursos humanos e materiais dispoñibles na Dirección Xeral da Garda Civil.

CAPÍTULO II

Procedemento xeral de acceso ao ensino de formación da Garda Civil*Sección 1.ª Xeneralidades**Artigo 6. Provisión anual de prazas.*

1. Segundo o disposto no artigo 26 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública e por iniciativa conxunta dos ministros de Defensa e do Interior, aprobará, mediante real decreto, a oferta de emprego público do corpo da Garda Civil, que determinará a provisión anual de prazas para o acceso ás distintas escalas da Garda Civil, especificando as cotas que correspondan ás distintas formas de ingreso nos centros docentes de formación, así como as posibilidades, de ser o caso, de acumulación e transferencia de prazas entre as das distintas cotas.

Igualmente, cando se exixan diferentes titulacións para o acceso a unha escala figurará, no real decreto de provisión de prazas, a cota do total das que corresponden a cada unha das titulacións e, se é o caso, a posibilidade da súa acumulación e transferencia entre as distintas cotas.

2. No real decreto de provisión de prazas reservaranse:

a) Un mínimo do corenta por cento das prazas convocadas para o acceso á escala de cabos e gardas, para os militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven como mínimo cinco anos de servizo como tales e que non finalizasen o seu compromiso coas Forzas Armadas na data de finalización do prazo de admisión de instancias, sen que en ningún caso a dita reserva supere o cincuenta por cento. Tamén se reservará ata un máximo do vinte por cento das citadas prazas para os alumnos do Colexio de Gardas Mozos.

Aos militares profesionais de tropa e mariñeiría non se lles exixirá ter cumprido o compromiso inicial para o ingreso por acceso directo, sen reserva de prazas, nos centros docentes de formación para a incorporación ás diferentes escalas do corpo da Garda Civil.

b) A totalidade das prazas convocadas para o ingreso no ensino de formación con que se accede á escala de suboficiais por promoción profesional, na modalidade de promoción interna, para os membros da escala de cabos e gardas.

c) Non menos do cincuenta e cinco por cento da totalidade das prazas que se convoquen no ensino de formación con que se accede á escala de oficiais, para o ingreso polo sistema de promoción profesional, que se distribúen entre as modalidades de promoción interna e cambio de escala.

d) A totalidade das prazas convocadas para acceder á escala de oficiais, por promoción profesional, na modalidade de promoción interna, para os membros da escala de suboficiais.

3. No real decreto de provisión de prazas poderase convocar ata un trinta por cento do total de prazas para acceder á escala de oficiais, por promoción profesional, na modalidade de cambio de escala, para os compoñentes das escalas de suboficiais e de cabos e gardas.

Artigo 7. Formas de ingreso.

De conformidade co disposto no artigo 32 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, o ingreso nos centros docentes de formación producirase segundo o disposto neste regulamento, nas súas normas de desenvolvemento e na correspondente convocatoria, mediante algún dos seguintes sistemas:

a) Por acceso directo: procedemento aberto a todos os españois que reúnan os requisitos e as condicións establecidos neste regulamento, baseado no principio de libre concorrência, para adquirir a condición de militar de carreira da Garda Civil.

b) Por promoción profesional mediante as modalidades de promoción interna e de cambio de escala: procedemento restrinxido aos gardas civís que reúnan as condicións e os requisitos establecidos neste regulamento, para posibilitarlles o acceso a outra escala.

A modalidade de promoción interna está reservada aos membros das escalas de cabos e gardas e á de suboficiais para accederen á escala de suboficiais e de oficiais, respectivamente, e a modalidade de cambio de escala está reservada aos membros das escalas de cabos e gardas e de suboficiais para accederen á escala de oficiais.

Artigo 8. *Sistemas de selección.*

1. Os sistemas de selección para ingresar nos centros docentes de formación serán os de concurso, oposición ou concurso-oposición libres. Para a forma de ingreso por acceso directo, utilizarase xeralmente o sistema de concurso-oposición. Para a forma de ingreso por promoción profesional nas súas dúas modalidades, utilizarase o sistema de concurso-oposición.

2. Os méritos que se deben valorar nos sistemas selectivos por concurso ou concurso-oposición, así como a incidencia da fase de concurso respecto á puntuación máxima alcanzable na fase de oposición do sistema por concurso-oposición nas distintas formas de ingreso, serán os que se establezan na normativa de desenvolvemento deste regulamento ou nas convocatorias respectivas, se é o caso; deberanse valorar de forma que a súa puntuación absoluta coincida coa que, se é o caso, lles corresponda de acordo coa normativa que regule as avaliacións e ascensos.

Así mesmo, a acreditación dos méritos deberá estar supeditada á achega da documentación xustificativa ou á súa publicación antes de que remate o prazo que se determine en cada caso.

Nos baremos que se establezan para os sistemas de concurso ou concurso-oposición valoraranse o historial profesional dos gardas civís, así como o tempo de servizos nas Forzas Armadas como militar profesional nas convocatorias para o acceso á escala de cabos e gardas.

O mérito de ter tido a condición de deportista de alto nivel valorarase de acordo coa normativa específica.

No sistema de concurso-oposición, a incidencia da fase de concurso non deberá ser superior a un trinta por cento da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición e non poderá, en ningún caso, contabilizar a puntuación obtida na fase de concurso para superar a fase de oposición. En cada convocatoria fixarase un máximo de puntos para cada mérito que se vaia baremar, tendo en conta, ademais, que a súa suma total non deberá exceder a porcentaxe máxima establecida.

3. Nas convocatorias para os sistemas de oposición e de concurso-oposición poderase establecer, naquelas probas que se determinen da fase de oposición, unha puntuación mínima que deberán superar os opositores sobre a máxima posible que deberán obter nas ditas probas ou, se é o caso, precisar o número de aspirantes que poden continuar o proceso de selección, cifra que se concretará aplicando un coeficiente ao total de prazas convocadas naquelas probas que se determinen da fase de oposición.

Nos distintos sistemas de selección tamén se poderá fixar unha puntuación mínima que se debe alcanzar na puntuación final da oposición.

4. Na fase de oposición dos sistemas de selección, as probas de idiomas que se poidan exixir para o ingreso serán do mesmo idioma que as establecidas no plan de estudos que se vai cursar.

5. Nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación verificarase, mediante recoñecementos médicos e probas psicolóxicas e físicas, que o aspirante posúe a necesaria aptitude psicofísica.

6. Os ministros de Defensa e do Interior determinarán os cadros médicos de exclusións e as probas de aptitude física que os aspirantes deberán superar nos diferentes procesos selectivos, así como a maneira en que se cualificarían ou baremarían as citadas probas, fixando as marcas nas convocatorias e tendo en conta que poderán ser diferentes para o home e a muller co fin de adecuarse ás súas distintas condicións físicas. Os declarados non aptos no recoñecemento médico ou nas probas físicas, con carácter definitivo, quedarán eliminados do proceso selectivo.

As aptitudes físicas, nos procesos de promoción profesional, poderanse acreditar mediante certificacións referidas a probas periódicas que se poidan realizar, sempre e cando estas sexan válidas no momento que determine a convocatoria correspondente.

Artigo 9. *Ensinanzas e prazas no Centro Universitario da Garda Civil.*

1. Para os efectos indicados no artigo 43.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, a universidade pública á cal estea adscrito o Centro Universitario da Garda Civil incluírá, na súa oferta de ensinanzas e prazas, como prazas adicionais, as aprobadas polo Consello de Ministros na provisión anual para cursar as ensinanzas universitarias que permitan a incorporación á escala de oficiais da Garda Civil cando non se exixa para o ingreso titulación universitaria previa.

2. Non se lle aplicarán ao total das prazas adicionais que se oferten para o Centro Universitario da Garda Civil as cotas de reserva a que se refiren os artigos 24 a 28, ambos os dous incluídos, do Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais do grao.

Artigo 10. *Normas dos procesos selectivos.*

Os ministros de Defensa e do Interior aprobarán de forma conxunta as normas polas cales se rexerán os procesos selectivos para ingresar nos centros docentes de formación para acceder á Garda Civil como militar de carreira. Nas ditas normas especificaranse, polo menos, o sistema de selección, as probas ou os exercicios que se deben superar en cada un deles e a forma en que se cualifican.

Sección 2.^a *Convocatorias*

Artigo 11. *Xeneralidades.*

1. De requirilo as necesidades da seguridade nacional ou da seguridade pública, as probas selectivas poderán realizarse en varias convocatorias, diferentes sedes ou distribuírse ao longo do ano correspondente sen que, en ningún caso, o total de prazas convocadas poida exceder a provisión anual a que fai referencia o artigo 6.

2. As convocatorias, que conterán as bases comúns ou referencia á disposición que as regula e as específicas, deberanse axustar ás prescricións contidas neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento, e rexerán o procedemento de selección para a asignación das prazas que se convoquen. Publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», agás aquelas que se refiran exclusivamente á promoción profesional, que se publicarán no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

3. As convocatorias determinarán a forma de realización das probas ou exercicios, que poderá ser individualizada ou colectiva, e, neste último caso, en quenda única ou por quendas.

4. As convocatorias poderán determinar que, naqueles procesos selectivos en que concorran circunstancias especiais, a totalidade ou parte das probas se realicen de forma descentralizada.

5. As bases das convocatorias vinculan a Administración, os órganos de selección que interveñan nas probas selectivas e aqueles que participen nelas. Unha vez publicadas,

soamente poderán ser modificadas con suxeición á normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. *Orde de actuación dos aspirantes.*

Nas probas selectivas para acceder ao ensino de formación, cando así se requira, a orde de actuación dos aspirantes será a que se determine seguindo o procedemento establecido no Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

No sorteo que se celebre determinarase a letra do alfabeto a partir da cal quedará establecida a orde de actuación dos aspirantes, tendo en conta a relación alfabética destes, realizada conforme as regras ortográficas establecidas pola Real Academia Española (RAE). O resultado deste sorteo, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», deberase recoller en cada convocatoria.

De se convocar algún proceso selectivo sen que se celebre o sorteo de letra para ese ano, utilizarase a correspondente ao ano anterior e manterase, para esa convocatoria, ata a finalización de todas as probas.

Artigo 13. *Bases comúns.*

As bases comúns que rexerán os procesos de selección regularán, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Prazos e rexistros válidos de presentación das solicitudes.
- b) Procedemento de liquidación dos dereitos de exame, cando sexa necesario.
- c) Requisitos xerais que deben reunir os aspirantes.
- d) Procedemento de elaboración, aprobación e publicación das listas de aspirantes admitidos e excluídos, así como a determinación do prazo de emenda de erros e defectos.
- e) Composición e funcionamento dos órganos de selección e dos órganos asesores e de apoio ou, se é o caso, colaboradores.
- f) Normas de desenvolvemento dos recoñecementos médicos e das probas físicas.
- g) Procedemento para a aprobación e publicación das listas coa relación de aspirantes propostos para ingresar como alumnos nos centros docentes de formación.

Artigo 14. *Bases específicas.*

As bases específicas das convocatorias dos procesos de selección que se convoquen anualmente regularán, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) O número e as características das prazas convocadas e a distribución, se é o caso, por formas de ingreso e cotas.
- b) A posibilidade de acumulación e transferencia das prazas que queden sen cubrir, sempre e cando esta circunstancia se recolla na provisión anual de prazas a que fai referencia o artigo 6 deste regulamento.
- c) O modelo de solicitude que debe presentar o aspirante, indicando, de tratarse dunha convocatoria unitaria, prioridades, se as houber, así como a unidade, o centro ou organismo ao cal se debe dirixir e a data límite de presentación.
- d) O sistema de selección.
- e) O sistema de cualificación ou referencia á normativa en que se fixa.
- f) Os requisitos específicos exhibibles aos aspirantes e a data límite en que deben reunilos.
- g) As probas que se deban celebrar, o seu contido, a orde de realización, a duración, así como a relación de méritos que, se é o caso, se deban considerar, e a súa baremación ou a referencia á normativa en que se estableza.

h) A data de inicio das probas ou a referencia á disposición onde se determinará e a orde de actuación inicial dos aspirantes, segundo o resultado do sorteo a que se fai referencia no artigo 12 deste regulamento.

i) A puntuación mínima que, se é o caso, se deberá alcanzar nos sistemas de concurso, oposición e concurso-oposición, así como, en que proba ou probas da fase de oposición, se é que hai algunha, haberá que superar unha cualificación mínima ou referencia á normativa na cal se dispoña. Tamén se poderá establecer o número dos que poderán continuar realizando o proceso de selección, que se determinará aplicando un coeficiente ao número de prazas convocadas.

j) Criterios para a adxudicación das prazas convocadas.

k) A designación do tribunal cualificador ou órgano de selección encargado do desenvolvemento e cualificación das probas selectivas, así como a designación da autoridade que debe aprobar e publicar as resolucións de aspirantes admitidos e excluídos ás probas e a relación dos aspirantes propostos para ingresar como alumnos nos centros docentes de formación.

l) A autoridade que deberá coordinar a asignación de prazas convocadas para distintos procesos selectivos cando se dea a circunstancia de que haxa aspirantes que tomen parte en máis dun destes.

m) As contías referidas aos dereitos de exame que debe aboar o aspirante, así como as bonificacións ou exencións, se é que proceden, aspectos que deberán quedar acreditados con carácter previo á presentación na correspondente sede de avaliación.

n) O programa que rexerá nas probas ou indicación da disposición que o recolla ou onde fose publicado, salvo circunstancias excepcionais.

o) Determinación, se é o caso, das características e duración dos períodos de formación e prácticas para o acceso á escala correspondente.

p) A data en que os aspirantes propostos para o seu posible nomeamento como alumnos deben efectuar a súa presentación no centro en que se cursará o correspondente ensino.

q) Data en que as mulleres que se encontran nos casos previstos no artigo 64 deste regulamento poderán realizar as correspondentes probas físicas.

Artigo 15. *Convocatorias extraordinarias.*

Poderanse efectuar convocatorias extraordinarias cando, iniciado o proceso selectivo, se constate que non se vai cubrir a totalidade das prazas convocadas, ben por falta de aspirantes ben porque o número de propostos para ingresar como alumnos sexa inferior ao número de prazas ofertadas.

Sección 3.^a *Órganos de selección*

Artigo 16. *Criterios xerais.*

1. Os órganos de selección deberánse rexer polo disposto no número 5 do artigo 35 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

2. Os órganos de selección non poderán propoñer o ingreso nos centros docentes de formación dun número superior ao de prazas convocadas. Non obstante, a autoridade convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes que sigan os propostos para o seu posible nomeamento como alumnos, nos termos e nos prazos que estableza a convocatoria, cando:

a) Se produzan renuncias antes do seu ingreso no centro docente de formación que corresponda e do seu nomeamento como alumno.

b) Se comprobe que antes da data de presentación no centro docente de formación que corresponda algún dos aspirantes propostos como alumnos non reúne ou perdeu algún dos requisitos xerais ou específicos exixidos na convocatoria.

c) Se produzan renuncias durante o período de orientación e adaptación que, se é o caso, se poida fixar na convocatoria.

Así mesmo, cando algún dos aspirantes propostos para ingresar como alumnos cause baixa con anterioridade a ser nomeado alumno, poderase ampliar a resolución de aspirantes propostos para ingresar como alumnos.

Alcanzada a data de ingreso nos centros docentes e o seu nomeamento como alumno, segundo o establecido nos parágrafos anteriores, extínguese calquera outro dereito derivado do sistema selectivo, sen prexuízo da concorrencia das circunstancias previstas no capítulo V.

Artigo 17. *Tribunais e comisións permanentes de selección.*

1. Os órganos de selección serán os tribunais de selección e as comisións permanentes de selección.

2. Os tribunais son os órganos de selección encargados de resolver os concursos, oposicións ou concursos-oposicións que publicamente se convoquen para o ingreso nos centros docentes de formación, cando así o estableza a correspondente convocatoria.

3. As comisións permanentes de selección son os órganos aos cales se lles encomenda o proceso selectivo cando o aconsellen o elevado número de aspirantes, a complexidade das probas, o número de convocatorias que se van realizar, o nivel de titulación e especialización exixidas ou a realización de probas de forma individualizada.

4. Os tribunais e as comisións permanentes de selección estarán constituídas por un presidente, un número par de vogais, non inferior a catro, e un número igual de suplentes.

5. Os órganos de selección terán, ademais, un secretario cuxo nomeamento poderá recaer nun dos vogais, caso en que contará con voz e voto, ou ben noutra persoa designada para o efecto que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

6. Para a válida constitución do órgano de selección para efectos de celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requírese a presenza do presidente, secretario e, polo menos, catro dos vogais titulares ou suplentes.

Os acordos serán adoptados por maioría de votos dos membros presentes en cada sesión, en que o voto do presidente terá carácter dirimente.

7. Todos os compoñentes dos órganos de selección deberán posuír unha titulación de igual ou superior nivel académico que a exixida aos aspirantes, atendendo, no posible, ao principio de especialidade.

8. Os presidentes dos órganos de selección poderán requirir a colaboración de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, de acordo co previsto nas correspondentes convocatorias.

Os ditos asesores non serán membros do órgano de selección e limitaranse a colaborar con este no ámbito das súas especialidades técnicas e desempeñando as funcións que se lles asignen.

9. Para os supostos recollidos no artigo 64 deste regulamento, o órgano de selección que nese momento estea constituído será o encargado de resolver sobre a aptitude física da aspirante e levantará a acta independente da superación ou non das probas físicas. Cando así corresponda, será declarada proposta para ingresar como alumna e o dito órgano de selección elevará a proposta correspondente de forma separada daquela en que adxudiquen as prazas da convocatoria obxecto da súa constitución.

10. O réxime xurídico dos órganos de selección rexerese polo disposto nos puntos anteriores e na normativa reguladora do réxime xurídico do sector público. Os órganos de selección deberán someter a súa actuación ao ordenamento xurídico e ás bases da correspondente convocatoria.

*Sección 4.^a Requisitos que deben reunir os aspirantes**Artigo 18. Principio xeral.*

Para participar nos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes de formación para incorporarse ás diferentes escalas da Garda Civil deberán reunirse, e manterse ata a súa conclusión, os requisitos xerais e específicos que, para cada forma de ingreso e ensinanzas que se van cursar, se determinan nesta sección.

Os que non reúnan ou perdan algún dos aludidos requisitos serán excluídos do proceso de selección e anuladas todas as súas actuacións, e perderán os dereitos ou expectativas derivados da súa condición inicial de aspirante ou do feito de ter superado o proceso selectivo.

Estes requisitos e os que, de ser o caso, se establezan, así como os prazos en que se deben acreditar, figurarán nas convocatorias correspondentes.

Artigo 19. Requisitos xerais dos aspirantes.

1. Para participar nos procesos selectivos e ingresar nos centros docentes de formación será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Non estar privado dos dereitos civís.
- c) Carecer de antecedentes penais.
- d) Non estar incurso nalgún procedemento xudicial por delito doloso como procesado, investigado xudicialmente ou acusado con declaración de apertura do xuízo oral correspondente. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.
- e) Ter cumpridos dezaioito anos de idade no ano da convocatoria. Para estes efectos, enténdese que reúne esta condición o aspirante que cumpra dezaioito anos durante o ano da convocatoria, aínda que a súa incorporación a unha escala quedará supeditada a ter cumprida esa idade.
- f) Non superar durante o ano en que se publique a correspondente convocatoria os límites de idade que para cada proceso selectivo se establecen neste regulamento.
- g) Posuír a aptitude psicofísica necesaria para cursar os respectivos plans de estudos, que será acreditada mediante a superación do recoñecemento e das probas que se determinen na correspondente convocatoria.
- h) Estar en posesión dos niveis de estudos, dos créditos de ensinanzas universitarias ou da titulación exixida que se determina neste regulamento para acceder ao ensino de formación, na forma e nos prazos que estableza a convocatoria correspondente.
- i) Non ter causado baixa nun centro docente polas razóns establecidas nas alíneas c) e d) do artigo 71.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, ou nas alíneas d) e e) do artigo 48.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.
- j) Non se ter resolto o seu compromiso como militar de tropa e marifeiría como consecuencia dun expediente de insuficiencia de facultades profesionais, por imposición de sanción disciplinaria extraordinaria de separación de servizo por aplicación da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, ou pola imposición de sanción disciplinaria de resolución de compromiso, en aplicación da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.
- k) Adquirir o compromiso de portar armas e, se é o caso, chegar a utilizalas, conforme os principios básicos de actuación de congruencia, oportunidade e proporcionalidade na utilización dos medios ao seu alcance, que se prestará a través de declaración do solicitante.

2. Quen cause baixa nun centro docente de formación por non superar, dentro dos prazos fixados, as probas e materias previstas nos plans de estudos correspondentes,

tampouco poderá concorrer aos procesos de selección do mesmo nivel e características que as que cursaba cando causou a baixa.

Artigo 20. *Outros requisitos xerais dos aspirantes en determinados procesos selectivos.*

1. Segundo o proceso selectivo a que se refira, os aspirantes deberán, ademais, cumprir os seguintes requisitos:

a) Para o ingreso por acceso directo á escala de cabos e gardas ou con titulación universitaria previa á escala de oficiais:

1.º Estar en posesión do permiso de condución da clase que se determine en cada convocatoria.

2.º Carecer de tatuaxes que conteñan expresións ou imaxes contrarias aos valores constitucionais, autoridades ou virtudes militares, que supoñan desdouro para o uniforme, que poidan atentar contra a disciplina ou a imaxe da Garda Civil en calquera das súas formas, que reflectan motivos obscenos ou inciten a discriminacións de tipo sexual, racial, étnico ou relixioso. Así mesmo, tampouco se permiten as tatuaxes, argolas, espigas, insercións, automutilacións ou similares que poidan ser visibles ao vestir as diferentes modalidades dos uniformes de uso xeral do corpo da Garda Civil, segundo se determine na normativa vixente nesta materia e nas súas normas de desenvolvemento.

b) Nos procesos de promoción profesional para o acceso ás escalas de oficiais ou de suboficiais:

1.º Non superar o número máximo de cinco convocatorias. Para estes efectos, unha convocatoria enténdese consumida cando o aspirante é autorizado a tomar parte nas probas selectivas. De se producir unha incomparecencia ás probas e esta obedecer a causa de forza maior debidamente xustificada ou, no caso das gardas civís, por encontrarse en período de embarazo, parto ou posparto acreditado mediante informe médico, ou por facer uso do permiso de lactación dun fillo menor de doce meses, resolverase, logo de solicitude e xustificación documental do interesado efectuada antes do inicio da primeira proba, non computarlle a convocatoria como consumida.

2.º Encontrarse na situación administrativa de servizo activo, na de servizos especiais, na de excedencia por coidado de familiares ou durante os tres primeiros anos na de excedencia voluntaria nas modalidades previstas nas alíneas e) ou g) do artigo 90.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

3.º Non ter anotadas e non canceladas na folla de servizos penas ou sancións disciplinarias por faltas graves ou moi graves.

4.º Non ter sido declarados non aptos para o ascenso con carácter definitivo nin ter renunciado a ser avaliados para o ascenso a un mesmo emprego nunha quinta ocasión.

5.º Estar en posesión do permiso para conducir vehículos da Garda Civil, segundo se determine en cada convocatoria.

6.º Pertencer a escalas, desempeñar os empregos ou ter cumprido, polo menos, os seguintes tempos de servizos na data de incorporación ao centro docente de formación, na forma seguinte:

i) Para poder acceder ao ensino de formación para a incorporación á escala de oficiais, na modalidade de promoción interna, dous anos na escala de suboficiais. Na modalidade de cambio de escala, dous anos na escala de suboficiais, desempeñar o emprego de cabo maior, catro anos no emprego para os cabos primeiros ou sete anos na escala para os cabos e gardas civís.

ii) Para poder acceder, na modalidade de promoción interna, ao ensino de formación para a incorporación á escala de suboficiais, dous anos na escala de cabos e gardas.

2. Nas convocatorias poderase exixir o cumprimento doutros requisitos que garden unha relación obxectiva, pertinente e proporcionada coas características e misións esenciais da Garda Civil.

Artigo 21. *Requisitos específicos de idade.*

Para participar nos seguintes procesos selectivos non se deberán superar as seguintes idades máximas:

a) Para incorporarse á escala de oficiais:

1.º Ingreso por acceso directo sen existencia previa de titulación universitaria: rexerá polo establecido na normativa específica para os membros das escalas de oficiais dos corpos xerais das Forzas Armadas.

2.º Ingreso por acceso directo con existencia previa de titulación universitaria: corenta anos.

3.º Ingreso por promoción profesional: cincuenta anos.

b) Para incorporarse á escala de suboficiais por promoción profesional: cincuenta anos.

c) Para incorporarse á escala de cabos e gardas por acceso directo: corenta anos.

Artigo 22. *Requisitos específicos de titulación.*

1. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse á escala de oficiais da Garda Civil exixíranse os requisitos que se especifican a continuación:

a) Ingreso por acceso directo:

1.º Sen titulación universitaria previa: rexerá polo establecido na normativa específica para os membros das escalas de oficiais dos corpos xerais das Forzas Armadas.

2.º Con titulación universitaria previa: as titulacións universitarias, de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, así como os títulos oficiais de máster ou doutor, que determinen de maneira conxunta os ministros de Defensa e do Interior, tendo en conta as exixencias técnicas e profesionais do corpo da Garda Civil, no número de prazas que se determine para a cota que corresponda a este sistema de acceso.

b) Ingreso por promoción profesional:

1.º Mediante a modalidade de promoción interna: os aspirantes deberán ter superado un número de créditos ECTS da titulación de grao que determinen de forma conxunta os ministros de Defensa e do Interior, e non se poderá exixir, neste caso, un número superior a 180 créditos ECTS. Destes créditos formarán parte as ensinanzas cursadas na Garda Civil e a experiencia profesional, en ambos os dous casos, co alcance que se determine.

2.º Mediante a modalidade de cambio de escala: as titulacións universitarias, de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, así como os títulos oficiais de máster ou doutor que determinen de maneira conxunta os ministros de Defensa e do Interior, tendo en conta as exixencias técnicas e profesionais do corpo da Garda Civil.

2. Nos casos previstos nos puntos anteriores nos cales non se exixa titulación universitaria previa, os aspirantes procedentes de sistemas educativos estranxeiros deberán acreditar o que, para cada caso, estableza a normativa vixente nesta materia.

Cando se exixa titulación universitaria previa, os aspirantes que a obtivesen en universidades estranxeiras deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación ou, se é o caso, certificado de equivalencia ao título universitario español

que se requira, que será obtida conforme o disposto na normativa pola cal se regulan as condicións de homologación e equivalencia de estudos estranxeiros de educación superior.

3. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse á escala de suboficiais exixíranse os requisitos de acceso requiridos no Sistema educativo español para acceder ás ensinanzas conducentes a ciclos formativos de formación profesional de grao superior.

4. Para participar nos procesos de selección para cursar as ensinanzas de formación para incorporarse á escala de cabos e gardas exixíranse os requisitos de acceso requiridos no Sistema educativo español para acceder ás ensinanzas conducentes a ciclos formativos de formación profesional de grao medio.

Sección 5.^a Solicitud de participación nos procesos selectivos

Artigo 23. Solicitudes.

As instancias para participar nos procesos selectivos formularanse nos impresos que se determinen ou por vía telemática e, se é o caso, cos sistemas de aboamento de dereitos de exame que se establezan nas convocatorias correspondentes.

Salvo que a propia convocatoria estableza outro prazo, deberanse presentar no de vinte días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

Na propia convocatoria determinaranse o enderezo da sede electrónica, o formato ou modelo que se debe empregar e as instrucións complementarias que permitan a identificación, presentación de solicitudes e publicación de información adicional que se requira por vía telemática.

Cando o interesado opte a máis dun proceso selectivo para o acceso ao ensino de formación, entre os que se convoquen para a provisión anual de prazas, na instancia figurará a orde de preferencia nos ditos procesos.

Artigo 24. Lista de aspirantes admitidos e excluídos ás probas.

1. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a autoridade que se determine na convocatoria ditará resolución, no prazo máximo de sesenta días, en que se declare aprobada a lista de aspirantes admitidos e excluídos ás probas.

2. A resolución publicarase de acordo co previsto na convocatoria. Na dita resolución:

a) Indicarase o medio polo cal se publica a lista de admitidos ás probas, excluídos e excluídos condicionais, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para a emenda de defectos ou corrección de erros.

b) Fixaranse o lugar, a data e a hora de comezo da primeira proba e, se é o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

3. Finalizado o prazo de emenda a que fai referencia o número 2.a), comunicaráselles aos interesados, na forma que se estableza na convocatoria, se foron admitidos ou quedaron excluídos definitivamente do proceso selectivo.

4. Unha vez comezadas as probas selectivas, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de realización das restantes probas no correspondente boletín oficial. Estes anuncios deberaos facer públicos o órgano de selección nos locais onde se realizaron as probas anteriores con doce horas, polo menos, de antelación ao comezo da seguinte proba.

Artigo 25. Achega de documentación.

Os aspirantes que tomen parte no proceso selectivo para ingreso nos centros docentes de formación achegarán, dentro do prazo establecido na convocatoria, a documentación que permita comprobar que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións exixidos.

Os aspirantes non estarán obrigados a achegar os documentos que fosen elaborados por calquera Administración salvo que expresamente se opuxesen á súa consulta ou

obtención polo órgano de selección. Con carácter excepcional, cando por razóns técnicas ou doutra indole sexa imposible a súa consulta ou obtención polo órgano de selección, requirirase o aspirante para que os presente no prazo que se sinala.

Os que dentro do citado prazo non presenten a dita documentación non poderán ser propostos para ingresaren como alumnos e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poidan ter incorrido por falsidade na súa instancia.

Quen sexa membro da Garda Civil estará exento de presentar aquela documentación que forme parte do seu expediente persoal na data de publicación da convocatoria, ao cal se incorporará automaticamente como méritos que se deben valorar nos sistemas selectivos por concurso ou concurso-oposición.

Artigo 26. Relacións de aspirantes propostos para ingresaren como alumnos.

1. Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes admitidos ás probas e recibida a documentación a que se refire o artigo anterior, os órganos de selección farán públicas as resolucións dos que resulten propostos para ingresaren como alumnos, por orde decrecente de puntuación, e o presidente do órgano de selección elevará á autoridade que se determine na convocatoria as ditas resolucións; non se poderá propoñer o ingreso como alumnos dun número de aspirantes superior ao de prazas convocadas.

2. As resolucións dos órganos de selección vinculan a Administración sen prexuízo de que esta, se é o caso, poida revisalas conforme o previsto na normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sección 6.^a Nomeamento de alumnos

Artigo 27. Nomeamento de alumnos dos centros docentes de formación.

1. Unha vez que se produza o nomeamento como alumnos dos que ingresen nos centros docentes de formación, de acordo co establecido no artigo 47.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, adquirirán a condición de militar, se non a tivesen adquirida con anterioridade, e quedarán suxeitos ao réxime de dereitos e deberes de carácter xeral dos membros da Garda Civil e ás leis penais militares e disciplinarias aplicables a eles, sen quedaren vinculados por unha relación de servizos de carácter profesional.

2. A lista dos alumnos nomeados publicarase no boletín oficial que corresponda.

3. Os alumnos que previamente tivesen un emprego militar no corpo da Garda Civil, ao ingresaren nos centros docentes de formación permanecerán ou pasarán á situación de activo, salvo que o ingreso fose por acceso directo, caso en que pasarán á situación administrativa de excedencia por acceso directo como alumno dos centros de formación.

4. Ao seren nomeados alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil concederáselles, con carácter eventual, e só para os efectos académicos, de prácticas e retributivos que se determinan neste regulamento, os empregos de alférez, sarxento e garda civil, coas denominacións específicas que se establezan nos distintos plans de estudos.

5. Os alumnos do ensino de formación para a incorporación á escala de cabos e gardas, a partir do momento en que se lles conceda con carácter eventual o emprego de garda civil, así como os alumnos do ensino de formación para a incorporación á escala de oficiais que ingresasen por acceso directo, tanto con exixencia como sen exixencia de titulación universitaria previa, a partir de que lles fose concedido o emprego de alférez, con carácter eventual, ou fosen nomeados alumnos da Academia de Oficiais da Garda Civil, terán o carácter de axente da autoridade no exercicio das funcións que lles sexan asignadas, durante o desenvolvemento das actividades de instrución e adestramento establecidas no seu plan de estudos.

6. Os ministros de Defensa e do Interior ditarán o réxime do alumnado dos centros docentes da Garda Civil.

*Sección 7.^a Impugnacións e recursos*Artigo 28. *Impugnacións.*

As convocatorias, as bases e cantos actos administrativos deriven delas e da actuación dos órganos de selección poderán ser impugnados nos casos e na forma previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 29. *Recursos.*

Contra as resolucións e os actos administrativos ditados en materia de ingresos e procesos selectivos poderanse interpoñer os recursos procedentes de acordo co disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CAPÍTULO III

Do ensino de formación*Sección 1.^a Ensino de formación para o acceso ás escalas da Garda Civil*Artigo 30. *Principios xerais.*

1. Os ministros de Defensa e do Interior determinarán as titulacións oficiais de grao que se deban cursar no ensino da Garda Civil para o acceso á escala de oficiais, tendo en conta a definición das capacidades e o deseño de perfís para o exercicio profesional.

2. Cando, para o ingreso nos centros docentes de formación para cursar as ensinanzas que permitan a incorporación á escala de oficiais, se exixan títulos universitarios oficiais ou créditos dunha titulación universitaria oficial, estes servirán para satisfacer os requisitos de titulación que establecen os artigos 32.4, 33.1, 34.1 e 36.2 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

Artigo 31. *Ensino de formación para o acceso á escala de oficiais.*

1. O ensino de formación para incorporarse á escala de oficiais estruturarase, en función dos requisitos de titulación que se exixan para o ingreso, da seguinte forma:

a) Ingreso directo sen titulación universitaria previa: este ensino requirirá a superación do plan de estudos da formación militar, de corpo de seguridade e técnica, incluíndo, ademais, a necesaria para a obtención dun título universitario oficial de grao do Sistema educativo español que se determine tendo en conta a definición das capacidades e o deseño de perfís para o exercicio profesional. O total do ensino ordenarase en cinco cursos académicos, dos cales un máximo de dous cursos se poderán desenvolver na Academia Xeral Militar do Exército de Terra.

b) Ingreso directo con titulación universitaria previa: este ensino requirirá a superación do plan de estudos da formación militar, de corpo de seguridade e técnica, que complete a formación acreditada cos títulos oficiais exixidos para o ingreso. En función da procedencia, e tendo en conta as titulacións e confirmacións que sexan de aplicación, terá unha duración mínima dun curso académico e unha máxima de dous.

c) Promoción profesional, modalidade de cambio de escala: este ensino requirirá a superación do plan de estudos da formación militar, de corpo de seguridade e técnica, que complete a formación acreditada cos títulos oficiais exixidos para o ingreso. Terá unha duración mínima dun curso académico e unha máxima de dous.

d) Promoción profesional, modalidade de promoción interna: este ensino requirirá a superación do plan de estudos da formación militar, de corpo de seguridade e técnica, así

como os créditos da titulación oficial de grao que se determine. Terá unha duración mínima dun curso académico e unha máxima de tres.

2. As ensinanzas correspondentes ao título universitario oficial de grao do Sistema universitario español serán impartidas polo Centro Universitario da Garda Civil e determinaranse en función das exixencias do exercicio profesional dos membros da Garda Civil.

3. Os títulos oficiais de graduado universitario que se acorden no marco do convenio de adscrición correspondente, así como os títulos oficiais universitarios que se poidan exixir para ingresar con titulación previa ou mediante a modalidade de cambio de escala, ademais de garantir as competencias básicas ás cales se fai referencia no número 3.2 do anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, proporcionarán parte das competencias xerais e específicas requiridas para incorporarse ás escalas de oficiais correspondentes.

4. Os títulos oficiais de graduado que se acorden no marco do convenio de adscrición correspondente elixiranse entre aqueles de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, inscritos na Sección de Títulos do Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, regulado polo Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro.

5. O número de créditos para a incorporación por promoción profesional na modalidade de promoción interna ou por acceso directo ingresando sen titulación universitaria oficial será, como máximo, de 385. Cando o ingreso sexa por promoción profesional na modalidade de promoción interna, o plan de estudos da formación militar, de corpo de seguridade e técnica, non poderá superar os 120 créditos ECTS. Cando se exixan requisitos de titulación previa para o ingreso, por acceso directo ou por cambio de escala, o plan de estudos de formación militar, de corpo de seguridade e técnica, non poderá superar os 160 créditos ECTS.

Artigo 32. *Ensino de formación para o acceso á escala de suboficiais.*

1. O ensino de formación para a incorporación á escala de suboficiais tomará como referencia o nivel educativo das ensinanzas da formación profesional de grao superior.

2. O total do ensino terá unha duración mínima de dous cursos académicos e unha máxima de tres, e poderá incluír entre as actividades de instrución e adestramento un período de prácticas en unidades da Garda Civil de ata 20 semanas.

3. O ensino de formación para a incorporación á escala de suboficiais buscará a adquisición das competencias profesionais necesarias, para o desempeño das funcións e o exercicio das facultades da escala de suboficiais, mediante o desenvolvemento de accións executivas e as directivas que lles correspondan ao seu nivel.

Artigo 33. *Ensino de formación para o acceso á escala de cabos e gardas.*

1. O ensino de formación para a incorporación á escala de cabos e gardas tomará como referencia o nivel educativo das ensinanzas da formación profesional de grao medio.

2. O total do ensino ordenarase nun máximo de dous cursos académicos e poderá incluír entre as actividades de instrución e adestramento un período de prácticas en unidades da Garda Civil de ata 40 semanas.

3. O ensino de formación para a incorporación á escala de cabos e gardas buscará a adquisición das competencias profesionais necesarias, adquiridas a través da formación modular, para o desempeño das funcións e o exercicio das facultades da escala de cabos e gardas.

Sección 2.^a Aspectos comúns

Artigo 34. *Plans de estudos.*

1. Os plans de estudos da formación militar, de corpo de seguridade e técnica, do ensino de formación para a incorporación á escala de oficiais, así como os correspondentes

ás escalas de suboficiais e de cabos e gardas serán aprobados conxuntamente polos ministros de Defensa e do Interior. Por outra banda, os plans de estudos das titulacións oficiais de grao que se teñan que cursar no ensino da Garda Civil para o acceso á escala de oficiais aprobaranse e implantaranse conforme a normativa específica do Sistema universitario español.

2. As directrices xerais dos plans de estudos que se deban cursar para permitir a obtención das equivalencias xenéricas do nivel académico das ensinanzas de grao superior e medio da formación profesional correspondentes ás ensinanzas recollidas no artigo 29 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, serán determinadas polo Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior, e logo do informe favorable do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

3. Os distintos plans de estudos poderán ser desenvolvidos por programas de estudos que se deberán aprobar anualmente.

4. O recoñecemento das equivalencias xenéricas de nivel coas ensinanzas de formación profesional de grao medio e superior é competencia exclusiva do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Artigo 35. *Distribución da carga lectiva.*

1. No ensino de formación para o acceso ás escalas de oficiais e de suboficiais, a carga lectiva que representa a execución dos plans de estudos correspondentes distribuirase conforme os criterios seguintes:

a) A duración dos cursos académicos será, como máximo, de 44 semanas, incluíndo os períodos lectivos, os destinados á avaliación, así como os dedicados a instrución e adestramento, que poderán incluír un período de prácticas en unidades.

b) Nas ensinanzas de oficiais, o número total de créditos ECTS por curso académico non superará os 80 nin os 2,2 semanais.

c) A duración do ensino de suboficiais non excederá as 1.400 horas presenciais ou o seu equivalente en créditos ECTS por curso académico nin as 35 horas lectivas á semana.

d) O número de semanas destinadas a instrución e ao adestramento que deberán conter os plans de estudos de formación militar, de corpo de seguridade e técnica, que se permitan incorporar ás escalas de oficiais e de suboficiais nos centros docentes de formación da Garda Civil non será inferior a 6 semanas.

2. A duración do ensino de formación para a incorporación á escala de cabos e gardas non excederá as 1.400 horas presenciais por curso académico nin as 35 horas lectivas á semana.

3. En calquera caso, as equivalencias das ensinanzas de formación para o acceso á escala de suboficiais e á de cabos e gardas co nivel das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo respectarán os requisitos e as condicións de duración, distribución e nivel dos resultados de aprendizaxe das citadas ensinanzas de formación profesional do sistema educativo.

Artigo 36. *Normas de progreso e de permanencia.*

1. Os ministros de Defensa e do Interior determinarán as normas de progreso e de permanencia nos centros docentes de formación que, se é o caso, incluírán as establecidas pola universidade correspondente en función da adscrición do centro, nas cales se dispoñerán os prazos para superar os plans de estudos da formación militar, de corpo de seguridade e técnica, así como para obter as titulacións para o acceso ás diferentes escalas. Os ditos prazos poderanse establecer para a superación de cada curso académico e de todo o proceso de formación.

2. Nas normas estableceranse os criterios obxectivos para axustar, cando así sexa preciso, o número de alumnos ao de prazos de acceso á escala que se determine na provisión anual.

Artigo 37. *Consecuencias da superación dos plans de estudos.*

1. A superación dos plans de estudos das escalas de suboficiais e de cabos e gardas e a adxudicación dunha das prazas da provisión anual orixinará os seguintes efectos:

- a) A adquisición da condición de garda civil e, polo tanto, a de militar de carreira da Garda Civil se non a tiver previamente.
- b) A atribución do primeiro emprego da escala correspondente.

2. A obtención do emprego de sarxento permitirá, unha vez definidos os plans de estudo, a análise por parte do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para establecer a equivalencia xenérica do nivel académico das ensinanzas de grao superior de formación profesional.

3. A obtención do emprego de garda civil permitirá, unha vez definidos os plans de estudo, a análise por parte do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para establecer a equivalencia xenérica do nivel académico das ensinanzas de grao medio de formación profesional.

4. A superación dos plans de estudos do ensino de formación para acceder á escala de oficiais e a adxudicación dunha das prazas da provisión anual orixinará os seguintes efectos:

a) A adquisición da condición de garda civil e, polo tanto, a de militar de carreira da Garda Civil se non a tiver previamente.

b) A atribución do emprego de tenente e a incorporación á escala de oficiais da Garda Civil.

c) Para os que ingresaron por acceso directo sen titulación previa e tiveren superado os plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de graduado que se impartan no Centro Universitario da Garda Civil, o título de grao universitario correspondente ás ensinanzas recibidas.

d) Para os que ingresaron por promoción profesional na modalidade de promoción interna e superen os créditos que se determinen nos plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de graduado que se impartan no Centro Universitario da Garda Civil, o título de grao universitario correspondente ás ensinanzas recibidas.

e) Con independencia da forma de ingreso á escala de oficiais, poderase obter o título oficial de posgrao universitario que se determine en función da duración e das competencias obtidas nos correspondentes plans de estudos.

5. Os títulos oficiais de graduado producirán os efectos previstos no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e serán expedidos de conformidade co disposto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.

6. A cualificación obtida ao concluír o ensino de formación determinará a orde de escalafón.

7. A superación do curso académico e, se é o caso, o correspondente plan de estudos quedarán suspendidos, se procede, pola incoación de procedemento penal ou expediente disciplinario a un alumno tendo en conta a natureza e a gravidade dos feitos, segundo determina o artigo 18 da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil.

Artigo 38. *Sistema de integración nunha única clasificación final.*

Co obxecto de integrar nunha única clasificación final o persoal que se incorpore a unha escala no seu primeiro emprego procedente dos distintos sistemas de acceso ao ensino de formación da Garda Civil, establecidos na Lei 29/2014, do 28 de novembro, terase en conta o seguinte:

a) Cando todo o persoal que se incorpore á escala, independentemente da súa procedencia, cursase os mesmos plans de estudos, a integración nunha única clasificación

final efectuarase conforme a ordenación final resultante de superar o ensino de formación. Non obstante, cando se cursase o mesmo plan de estudos en diferentes centros docentes, a integración realizarase utilizando o procedemento establecido na alínea seguinte.

b) Cando o persoal que se incorpore á escala non cursase os mesmos plans de estudos, ordenarase de forma descendente segundo a puntuación típica de cada un, obtida como resultado de dividir a diferenza de cada nota final con respecto á media, pola súa desviación típica. En caso de igualdade, resolverase a favor do de maior nota final obtida segundo as normas establecidas no seu correspondente plan de estudos e, se persiste a igualdade, a favor do de maior idade. A citada clasificación final publicarase nunha única resolución con idéntica data de incorporación á escala correspondente.

CAPÍTULO IV

Do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais

Sección 1.ª Xeneralidades

Artigo 39. *Principios xerais.*

1. Os gardas civís poderán realizar aqueles cursos de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais que respondan ás exixencias dos perfís de carreira definidos para a súa escala.

2. Os membros da Garda Civil terán o dereito e, se é o caso, o deber de participar nos cursos e nas actividades formativas destinadas a mellorar a súa capacidade profesional e facilitar a súa promoción de acordo cos criterios e coas normas establecidos neste regulamento.

3. O disposto no capítulo II en canto ao procedemento xeral de acceso será de aplicación, se é o caso, no non regulado no presente capítulo, procurando a efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes, na xestión das ensinanzas.

4. Para cada curso na Garda Civil elaborarse un plan de estudos ou programa formativo, segundo o disposto no artigo 42 deste regulamento, cuxos obxectivos se determinarán en termos de resultados de aprendizaxe ou competencias que garantan que o alumno adquiriu o perfil de egreso requirido.

5. Cada curso validarase con respecto aos seus obxectivos e estará suxeito ao correspondente proceso de avaliación.

6. Potenciarase a modalidade de ensino a distancia facilitando aos alumnos, na medida do posible, os medios e o tempo necesario para atender os requirimentos deste tipo de ensinanzas.

7. En relación coas ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos profesionais, e sen prexuízo das facultades que derivan das competencias en materia de ensino establecidas nos artigos 9, 10, 11 e 12 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, son autoridades con competencia para planificar, deseñar, xestionar e coordinar os distintos tipos de ensino na Garda Civil, elaborar e aprobar as respectivas ensinanzas e xestionar as correspondentes convocatorias, así como ditar ou propoñer disposicións en materia de ensino, no ámbito do Ministerio do Interior, as seguintes:

- a) O xefe do Mando de Persoal e Formación da Garda Civil.
- b) O xefe da Xefatura de Ensino.

Artigo 40. *Continuación ou reorientación da carreira profesional para gardas civís cunha limitación para ocupar determinados destinos por insuficiencia de condicións psicofísicas.*

Os órganos competentes nos aspectos de política de persoal e ensino da Garda Civil desenvolverán medidas para facilitar a conciliación da vida profesional e familiar dos gardas civís aos cales, por unha insuficiencia de condicións psicofísicas, se lles estableza

unha incapacidade que comporte unha limitación para ocupar determinados destinos e que non supoña o paso a retiro.

Encadradas dentro das ditas medidas programaranse actividades formativas no marco do sistema de ensino da Garda Civil coa finalidade de adecuar o persoal coa insuficiencia declarada de condicións psicofísicas ás tarefas e actividades que este poida desempeñar e que lle permitan seguir desenvolvendo a súa carreira profesional.

Así mesmo, preveranse condicións específicas para o acceso a determinadas accións formativas de perfeccionamento e de altos estudos profesionais entre as cales se poderán incluír unha reserva de prazas, a determinado persoal que fose declarado apto con limitacións por insuficiencia de condicións psicofísicas, sempre que o acceso a elas facilite o desenvolvemento ou a reorientación da súa carreira profesional. Todo isto de acordo coa normativa que regula a provisión de destinos do persoal da Garda Civil.

Non obstante o exposto nos puntos anteriores, poderanse establecer limitacións ao acceso a determinados cursos de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais ao persoal que fose declarado apto con limitacións para ocupar determinados destinos por insuficiencia de condicións psicofísicas, cando estas sexan incompatibles coa asignación de destinos para os cales se exixa estar en posesión da aptitude ligada ao curso correspondente. Todo isto de acordo coas directrices que impartan os ministros de Defensa e do Interior, coa normativa específica de provisión de destinos e a de determinación de condicións psicofísicas do persoal da Garda Civil.

Artigo 41. *Planificación do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais.*

1. A planificación do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais ten como obxectivo materializar a política de ensino no dito ámbito asegurando a óptima utilización dos recursos dispoñibles.

2. Esta planificación atenderá aos criterios de racionalidade e flexibilidade, colaborando na consecución dos obxectivos estratéxicos da Garda Civil, e deberá, así mesmo, ter en conta as necesidades derivadas da aplicación do réxime de ascensos no que se refire ao ensino de capacitación, ás necesidades de efectivos que se deben titular das distintas especialidades, así como ás peculiaridades inherentes á descentralización na formación continua.

3. Como resultado do proceso de planeamento, a Xefatura de Ensino elaborará anualmente un plan global de cursos tomando como base o Rexistro de Centros, Cursos e Títulos da Garda Civil, e as propostas das subdireccións xerais, que será difundido na forma que se determine.

Artigo 42. *Plans de estudos e programas formativos.*

1. Os plans de estudos das distintas actividades formativas do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais que son impartidas por un centro docente da Garda Civil conterán un deseño curricular que deberá recoller, polo menos, as competencias que deben alcanzar os que os cursen.

2. Os cursos de capacitación, os de especialización que comporten a adquisición dunha cualificación específica e todas aquelas actividades formativas que superen 10 créditos ECTS ou 200 horas lectivas dispoñerán dun plan de estudos e poderán ser desenvolvidos por un programa. O resto de actividades terán un programa formativo.

3. Os plans de estudos serán aprobados polas seguintes autoridades:

a) Por parte dos ministros de Defensa e do Interior: os correspondentes aos cursos de capacitación, con excepción do que é requisito para o ascenso a cabo.

b) Polo director xeral da Garda Civil: os dos cursos de especialización que comporten a adquisición dunha cualificación específica, excepto os da especialidade de Tráfico, o curso de capacitación que é requisito para o ascenso a cabo e todas aquelas actividades formativas que superen 10 créditos ECTS ou 200 horas lectivas.

c) Conxuntamente polo director xeral da Garda Civil e polo director xeral de Tráfico: os da especialidade de Tráfico.

4. Os programas de desenvolvemento dos distintos plans de estudos, así como os programas formativos, serán aprobados polo xefe da Xefatura de Ensino.

5. Os plans de estudo que se cursen no ámbito da Garda Civil deberán incluír, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Denominación.
- b) Finalidade.
- c) Competencias e, se é o caso, cualificacións específicas que se adquiren.
- d) Duración en créditos ECTS ou en horas.
- e) Materias, disciplinas e/ou módulos, con expresión de contidos e asignación de créditos/horas para cada un.
- f) Normas para a superación do plan, así como as condicións xerais das probas que deben realizar os alumnos.

6. Os programas formativos conterán os seguintes aspectos:

- a) Denominación.
- b) Finalidade.
- c) Obxectivos da actividade.
- d) Duración en créditos ECTS ou en horas.
- e) Materias, disciplinas e/ou módulos, con expresión de contidos e asignación de créditos/horas para cada un.
- f) Normas para a superación do programa, así como as condicións xerais das probas que deben realizar os alumnos.

7. No ámbito do ensino na Garda Civil, a aprobación previa por parte da Xefatura de Ensino dos programas de desenvolvemento dos distintos plans de estudo ou dos programas formativos será requisito indispensable para levar a cabo a actividade formativa de que se trate.

8. Os alumnos que superasen un curso ou actividade formativa que conte cun plan de estudos recibirán un título ou diploma no ámbito da Garda Civil. Os que asistisen a unha actividade que requira a superación dun programa formativo recibirán un certificado dos estudos realizados. Se a dita actividade ten carácter informativo, recibirán un certificado de asistencia.

9. Os ministros de Defensa e do Interior establecerán as normas xerais polas cales se rexerán as convocatorias das ensinanzas contidas neste capítulo, entre as cales se incluírán os requisitos de acceso.

Artigo 43. *Selección dos alumnos.*

1. A selección dos gardas civís para a súa participación en cursos de perfeccionamento e de altos estudos profesionais farase conforme o establecido no número 2 do artigo 38 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

2. Cando as necesidades do servizo o requiran poderanse designar motivadamente asistentes de forma directa que deberán concorrer a eles con carácter obrigatorio.

3. A designación dos gardas civís a cursos de ampliación ou actualización de coñecementos e aptitudes realizarase de forma directa de acordo co disposto no artigo 38.2 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, polo procedemento que se determine, atendendo ás necesidades da organización e tendo en conta as cualificacións do persoal.

4. Cando se trate de cursos que se correspondan con titulacións oficiais do Sistema educativo español, os alumnos deberán tamén cumprir para a súa selección ou designación os requisitos exixidos para cada titulación na normativa vixente ao respecto.

5. Para seren convocados aos cursos de perfeccionamento e de altos estudos profesionais será necesario encontrarse nalgunha das situacións administrativas de

servizo activo, servizos especiais ou excedencia polas causas previstas nas alíneas d), e) e g) do artigo 90.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, excepto para o proceso selectivo de acceso ao curso de capacitación para ascenso ao emprego de cabo, que se rexerá polo establecido na normativa de avaliacións e ascensos da Garda Civil.

No caso dos cursos de capacitación, a convocatoria na situación de excedencia polas causas previstas nas alíneas e) e g) do artigo 90.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, só se realizará durante os tres primeiros anos de permanencia na dita situación.

6. Aos gardas civís que se incorporasen ao servizo activo procedentes da excedencia por coidado de familiares, violencia de xénero ou vítima do terrorismo outorgaráselles preferencia, durante un ano, na adxudicación de prazas para participar nas actividades formativas de actualización ou ampliación de coñecementos, sempre que estean relacionadas co posto de traballo ao cal se vaian reincorporar.

7. Nos procesos selectivos que se poidan realizar para asistir a cursos de perfeccionamento e de altos estudos profesionais, os méritos que, se é o caso, se deben valorar, serán os que se establezan nas convocatorias respectivas, de acordo coas establecidas na normativa de avaliacións e ascensos da Garda Civil; deberanse valorar de forma que a súa puntuación absoluta coincida coa que, se é o caso, lles corresponda de acordo con esta normativa.

Así mesmo, a acreditación dos méritos deberá estar supeditada á achega da documentación xustificativa ou á súa publicación antes de que termine o prazo que se determinase en cada caso.

8. A selección de asistentes ás distintas actividades formativas de perfeccionamento e de altos estudos profesionais deberá ser publicada, con carácter xeral, no «Boletín Oficial de la Guardia Civil» coa debida antelación á asistencia á actividade correspondente, e poderá ser adiantada a súa publicación na intranet do corpo.

9. No caso de se conceder un adiamento, poderase reservar a praza correspondente nunha nova acción formativa, segundo o disposto no artigo 44 deste regulamento.

Artigo 44. *Adiamentos.*

1. Nas accións formativas do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais, unha vez superada a fase de selección e antes do inicio do curso, os seleccionados poderanlle solicitar adiamento por algunha das causas do número 2 ao xefe da Xefatura de Ensino, quen valorará a súa concesión por unha soa vez. Unha vez concedido o adiamento para participar nunha nova acción formativa que se convoque, a reserva de praza queda supeditada:

- a) Á superación dos recoñecementos ou probas, médicas ou psicofísicas, da nova convocatoria.
- b) Ao cumprimento dos seus requisitos.
- c) A que o contido e o desenvolvemento do proceso selectivo da nova acción formativa non sufrisen modificacións substanciais.
- d) Ao cesamento da causa que motivou o adiamento.

2. As causas polas cales se poderían adiar as distintas actividades formativas son as seguintes:

- a) Necesidades do servizo debidamente motivadas e xustificadas.
- b) Enfermidade debidamente acreditada.
- c) No caso das gardas civís, encontrarse en período de embarazo, parto ou posparto acreditado mediante informe médico, ou por facer uso do permiso de lactación dun fillo menor de doce meses.
- d) Razóns excepcionais debidamente acreditadas.

3. As prazas non cubertas con motivo de adiamentos poderán ser asignadas segundo o procedemento establecido na correspondente convocatoria.

4. Se os motivos da solicitude de adiamento están relacionados con encontrarse en período de embarazo, parto, posparto ou lactación dun fillo menor de doce meses da garda civil designada para asistir ao curso correspondente, será de aplicación o establecido no capítulo V deste regulamento.

Artigo 45. *Baixas.*

1. Nos cursos de capacitación causarase baixa por algún dos seguintes motivos:

- a) Necesidades do servizo, de forma excepcional, sempre que sexan debidamente motivadas e xustificadas.
- b) Cesamento na situación administrativa de servizo activo.
- c) Motivos académicos relacionados con faltas de asistencia que superen certas porcentaxes, incumprimento das normas de réxime interior ou baixo rendemento académico nos termos que se determinen.
- d) No caso das gardas civís, encontrarse en período de embarazo, parto ou posparto acreditado mediante informe médico, ou por facer uso do permiso de lactación dun fillo menor de doce meses, cando non lle permitan continuar o normal desenvolvemento do curso.
- e) Por petición propia, tras ter sido designado alumno.
- f) Perda da condición de garda civil.
- g) Circunstancias excepcionais por enfermidade grave debidamente xustificada e ratificada polos servizos médicos da Garda Civil, que lle impida, de forma manifesta, continuar co normal desenvolvemento do curso.
- h) Deixar de reunir calquera outra condición expresada na convocatoria non recollida nos casos anteriores.

A baixa dos alumnos polo motivo recollido na alínea c) acordarase, logo de expediente sumario con audiencia ao interesado, por resolución do director do centro docente.

2. Aos que causen baixa polos motivos recollidos nas alíneas a), d) e g) non se lles computará a convocatoria como consumida e serán admitidos ao seguinte curso que se convoque salvo que solicitasen o adiamento ou renuncia a el.

3. Os que causen baixa polo motivo recollido na alínea c), nunha primeira ocasión, non deberán ser novamente avaliados nin terán que participar no proceso selectivo que dá acceso ao curso de capacitación para o ascenso a cabo, para a asistencia ao curso seguinte, salvo que medie algunha circunstancia que o xustifique de acordo coa normativa sobre avaliacións; a estes contabilizáraselles como consumida a primeira convocatoria e poderán repetir o curso por unha soa vez.

4. Os que causen baixa polos motivos recollidos nas alíneas b), e), f) e h) serán novamente avaliados para edicións posteriores do mesmo curso, se así procede; a estes contabilizáraselles como consumida unha convocatoria e poderán repetir o curso por unha soa vez. No caso do curso de capacitación para ascenso a cabo deberán participar, no caso de que así o solicitasen, nos procesos selectivos que se publiquen cos mesmos efectos de contabilización de convocatorias.

5. En todo caso, para o cómputo de convocatorias cando concorran motivos de baixa previstos nos números 3 e 4, e renuncias a un curso de capacitación para o mesmo emprego, aplicarase o disposto no artigo 52 deste regulamento.

6. En canto ao resto de actividades do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais e no non regulado nos puntos anteriores, a baixa dos alumnos acordarase, logo de expediente sumario con audiencia ao interesado, mediante resolución do director do centro polas seguintes causas:

- a) Por petición propia.
- b) Por deixar de reunir as condicións expresadas na convocatoria.
- c) Por falta de rendemento académico, nos termos que se determinen.
- d) Por incumprimento das normas de réxime interior do centro que comporten esa consecuencia.

e) Por falta de asistencia nos termos que se determinen. Cando as causas estean debidamente xustificadas, poderase reservar praza ao alumno no seguinte curso ou actividade formativa coas limitacións expresadas no artigo 44.1 deste regulamento.

O director do centro poderá acordar a baixa do curso ou actividade de modo cautelar, á espera da resolución definitiva do expediente, sempre que o afectado se encontre incurso nalguna causa das expostas no punto anterior. Nestes supostos, a resolución do expediente producirase dentro dos tres días lectivos seguintes.

A baixa por algunha das causas indicadas nas alíneas c), d) e e), cando a falta de asistencia non sexa xustificada, comportará non poder solicitar outras actividades formativas do mesmo tipo de ensino, perfeccionamento ou altos estudos profesionais nun prazo de tres anos contados desde o momento de formalización da baixa.

Artigo 46. *Colaboración con institucións e centros educativos.*

A colaboración con institucións e centros educativos a que se refire o artigo 28.5 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, no ámbito da Garda Civil, levaraa a cabo o director xeral da Garda Civil en coordinación coa Xefatura de Ensino e o Centro Universitario da Garda Civil.

Artigo 47. *Rexistro de Actividades Formativas de Interese para a Garda Civil.*

No ámbito da garda civil creárase o Rexistro de Actividades Formativas de Interese para a Garda Civil que conterá as distintas actividades formativas, realizadas ou susceptibles de ser realizadas polos compoñentes da Garda Civil, ordenadas por tipo de ensino, que fosen declaradas de interese para a Garda Civil.

A declaración de interese para a Garda Civil dunha actividade realizaraa a xunta de valoración de actividades formativas, presidida polo xefe da Xefatura de Ensino.

Artigo 48. *Catálogo de cualificacións específicas da Garda Civil (Cceguci).*

1. Créase o Catálogo de cualificacións específicas da Garda Civil, instrumento do sistema de ensino do corpo que ordena as cualificacións específicas existentes na Garda Civil en función das competencias e aptitudes apropiadas nos seus postos de traballo ou para o exercicio daquelas actividades que requiran unha específica capacitación profesional, así como os distintos niveis de cualificación que se poderán obter.

2. O Catálogo de cualificacións específicas da Garda Civil, cuxa definición, elaboración e actualización será responsabilidade da Xefatura de Ensino da Garda Civil, conterá as competencias que deberán ter en conta os plans de estudos dos diferentes cursos de especialización que comporten a adquisición dunha cualificación específica.

Sección 2.^a Ensino de perfeccionamento

Artigo 49. *Estrutura.*

1. En atención ás finalidades recollidas no artigo 30 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, establécense os seguintes tipos de ensino de perfeccionamento:

- a) Capacitación.
- b) Especialización.
- c) Formación continua.

2. O ensino de perfeccionamento desenvolverase a través de cursos de capacitación, cursos de especialización, incluídas as actividades formativas de mantemento e renovación de especialidade, e actividades de formación continua que se poderán desenvolver mediante cursos, seminarios, xornadas ou actividades formativas de ampliación e actualización de coñecementos.

Artigo 50. *Cursos de capacitación para o ascenso.*

1. Os cursos de capacitación para o ascenso teñen por finalidade a capacitación ao persoal do corpo da Garda Civil para o ascenso aos empregos de comandante, suboficial maior e cabo maior.

Tamén terá esta consideración o curso de capacitación cuxa superación é un requisito para o ascenso ao emprego de cabo polo sistema de concurso-oposición.

O curso de capacitación para o ascenso a xeneral de brigada, de acordo coa regulación que aprobe o Ministerio de Defensa, encadrarase dentro dos altos estudos profesionais da Garda Civil.

2. Os cursos de capacitación poderán incluír unha fase a distancia, cuxa superación sexa requisito imprescindible para iniciar a fase presencial.

3. A superación destes cursos obterase coa declaración de apto na súa cualificación final, segundo as condicións que se fixen na correspondente convocatoria, o cal se acreditará mediante un diploma.

4. As avaliacións para seleccionar os asistentes aos cursos de capacitación rexeranse polo disposto na normativa que regule as avaliacións e os ascensos do persoal da Garda Civil.

Artigo 51. *Asistencia aos cursos de capacitación.*

1. Para asistir aos cursos de capacitación para o ascenso aos empregos de suboficial maior e de cabo maior será seleccionado un número limitado de alumnos mediante avaliacións previas, que serán realizadas conforme o que se estableza na normativa que regule as avaliacións e ascensos na Garda Civil.

2. As prazas que non sexan cubertas con motivo de adiamentos, renuncias ou baixas sobrevidas no curso, durante o prazo que se determine, poderán ser asignadas segundo a orde resultante do proceso de avaliación nas condicións que se precisen na correspondente convocatoria do curso.

Artigo 52. *Renuncias aos cursos de capacitación.*

1. Publicada a convocatoria para asistir a un curso de capacitación, abriase un prazo de quince días para que os interesados que o desexen poidan renunciar á asistencia ao curso mediante solicitude dirixida ao director xeral da Garda Civil. Tras esta renuncia, deberán ser novamente seleccionados nunha avaliación para poder ser convocados en edicións posteriores do mesmo curso, se así procede.

2. Os que, convocados a un curso de capacitación, renuncien a el nunha segunda ocasión, non volverán ser convocados, e terá, respecto ao ascenso ao emprego para o que capacita, os efectos que se determinen na normativa que regule as avaliacións e ascensos do persoal da Garda Civil.

3. En todo caso, o cómputo total de convocatorias a un curso de capacitación para o mesmo emprego, cando concorran os motivos de baixa previstos nas alíneas b), c), e) f) e h) do número 1 do artigo 45 deste regulamento, e a renuncia a el será dun máximo de dúas.

Artigo 53. *Curso de capacitación para o ascenso a comandante.*

Os ministros de Defensa e do Interior determinarán as distintas probas que deberán superar aqueles que soliciten ser avaliados para a asistencia ao curso de capacitación, así como o seu plan de estudos.

A organización do curso de capacitación poderá incluír a obrigatoriedade de superar un ciclo específico no ámbito das Forzas Armadas, segundo se determine na correspondente convocatoria do curso.

Artigo 54. *Curso de capacitación para o ascenso ao emprego de cabo.*

1. O sistema de selección dos asistentes ao curso de capacitación para o ascenso ao emprego de cabo será o de concurso-oposición, que constará dunha fase de concurso e outra de oposición.

A cualificación final do proceso selectivo obterase tendo en conta as puntuacións obtidas na fase de oposición e na de concurso, segundo se determine na normativa de avaliacións e ascensos da Garda Civil.

2. As prazas ofertaranse con carácter xeral e poderán tomar parte na correspondente convocatoria, que se publicará no «Boletín Oficial de la Guardia Civil», os gardas civís que reúnan os requisitos exixidos nela, así como os de carácter xeral que se establezan na normativa que regule as avaliacións e os ascensos do persoal da Garda Civil.

3. O número máximo de convocatorias para participar no proceso selectivo para o ascenso ao emprego de cabo determinarao o director xeral da Garda Civil, de acordo co previsto no número 7. En todo caso, o cómputo das convocatorias deberase establecer de acordo cos criterios que se inclúen neste regulamento.

Non obstante, no momento en que fose seleccionado para a asistencia ao curso de capacitación para o ascenso ao emprego de cabo, a concorrencia ao curso noutra ocasión rexerese polas normas de adiamentos, renuncias e baixas establecidas neste regulamento para o resto de cursos de capacitación.

4. O curso de capacitación dividirase en dúas fases: a distancia e presencial.

5. A orde resultante no proceso selectivo e no correspondente curso de capacitación determinará o ascenso ao emprego de cabo, de acordo co seguinte procedemento: os que superen o curso de capacitación serán ordenados de maior a menor puntuación final, tendo en conta a fase de concurso do proceso selectivo, segundo se determine na normativa que regule as avaliacións e os ascensos do persoal da Garda Civil e a nota final do curso de capacitación. A igualdade de puntuación ordenaranse de acordo co que teña número inferior no escalafón.

6. A obtención do emprego de cabo, sempre que os interesados estean en posesión do título de bacharel ou equivalente, permitirá a obtención da equivalencia xenérica do nivel académico das ensinanzas de grao superior de formación profesional cando o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte comprobe que a formación que capacita para o ascenso cumpre os requisitos e as condicións de duración, distribución e nivel dos resultados de aprendizaxe, entre outros, das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo.

7. O director xeral da Garda Civil aprobará as bases xerais das convocatorias e os requisitos e as circunstancias aplicables ao concurso-oposición e ao curso de capacitación.

Artigo 55. *Cursos de especialización.*

1. Son cursos de especialización aqueles cuxa finalidade é dotar das competencias necesarias para o desempeño daqueles postos de traballo de especialista, proporcionando neste caso, coa súa superación, a aptitude que comporte a adquisición da cualificación específica correspondente, ou para o exercicio dunha actividade profesional nunha área concreta.

Os plans de estudos dos cursos de especialización que comporten a adquisición dunha especialidade elaboraranse sobre a base das competencias contidas no Catálogo de cualificacións específicas da Garda Civil. O resto de plans de estudos de cursos de especialización na Garda Civil conterá as competencias que sexan necesarias para o exercicio da actividade profesional obxecto do curso. Estas competencias serán acreditadas mediante a superación dos correspondentes módulos formativos ou por outros tipos recoñecidos de formación non regrada.

2. A aprobación dos perfís de egreso correspóndelle ao director xeral da Garda Civil.

Artigo 56. *Acceso aos cursos de especialización.*

Serán requisitos para optar a un curso de especialización, sen prexuízo dos que poidan derivar da regulación normativa da correspondente especialidade, os seguintes:

- a) Ter cumprido o período de servidume ligado á realización dun curso de especialización.
- b) Determinada aptitude psicofísica e técnica, se é o caso, idade mínima ou máxima e altura mínima ou máxima.
- c) Estar en posesión de determinadas titulacións, niveis de idiomas ou habilitacións.
- d) Ter transcorrido, polo menos, tres anos desde a última solicitude, cando o interesado non superase as probas selectivas para o mesmo curso en tres ocasións.
- e) Ter transcorrido, polo menos, tres anos desde que causase baixa, logo de expediente sumario do director do centro de perfeccionamento, por non superar, dentro dos prazos fixados, as probas e materias previstas nos plans de estudos dun curso de especialización.
- f) A concorrencia de circunstancias que permitan prever o incumprimento do período de servidume.
- g) Non estar sometido, no momento da solicitude, a un expediente por insuficiencia de facultades profesionais ou condicións psicofísicas.
- h) Carecer de antecedentes penais, non estar incurso nalgún procedemento xudicial por delito doloso como procesado, investigado xudicialmente ou acusado con declaración de apertura do xuízo oral correspondente, así como non ter anotadas e non canceladas na súa folla de servizos penas ou sancións disciplinarias por faltas graves ou moi graves.

Artigo 57. *Sistema de formación continua.*

1. Os ministros de Defensa e do Interior desenvolverán un sistema de formación continua baseado nos principios de globalidade, participación, igualdade, funcionalidade, flexibilidade e descentralización
2. O sistema de formación continua recaerá tanto nas unidades da Garda Civil como na estrutura docente do corpo.
3. O sistema, a través dunha adecuada planificación de actividades e da utilización eficiente das novas tecnoloxías da información e comunicación, determinará a periodicidade con que deben concorrer os gardas civís a estas actividades formativas e se é, de ser o caso, con cargo ás horas de servizo.

Artigo 58. *Cursos de actualización ou ampliación de coñecementos.*

1. Os cursos de actualización ou ampliación de coñecementos ou aptitudes requiridas para o exercicio da profesión, incluídos entre as actividades de formación continua, teñen por finalidade a preparación do garda civil en áreas de interese para o corpo.
2. A superación destes cursos acreditarase mediante un diploma ou certificado.
3. A aprobación dos perfís de ingreso e egreso e a xestión das correspondentes convocatorias correspóndelle ao xefe da Xefatura de Ensino.

Artigo 59. *Seminarios, xornadas e outras actividades.*

Os seminarios ou as xornadas teñen por finalidade informar o garda civil e debater sobre temas de actualidade en áreas de interese para o corpo, e a súa asistencia acreditarase mediante un certificado.

Poderanse realizar outras actividades que se acreditarían, igualmente, mediante un certificado.

*Sección 3.ª Dos altos estudos profesionais**Artigo 60. Altos estudos profesionais. Finalidades.*

1. Considéranse altos estudos profesionais os que teñen as finalidades establecidas no artigo 31 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

2. Entre aqueles que teñan o carácter de altos estudos da defensa nacional no ámbito das Forzas Armadas encóntranse o curso para o desempeño das funcións de oficial xeneral e o curso para a obtención do diploma de estado maior, que se imparten nos centros docentes militares da estrutura do Ministerio de Defensa.

Artigo 61. Estrutura dos cursos de altos estudos profesionais.

1. Para o deseño e a estrutura dos cursos de altos estudos profesionais terase en conta a normativa que regula as ensinanzas universitarias de posgrao.

2. Para que se poidan encadrar na alínea a) do artigo 31 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, as actividades formativas deberán estar incluídas no Rexistro de Actividades Formativas de Interese para a Garda Civil recollido neste regulamento.

Así mesmo, para que teñan a consideración de altos estudos profesionais, poderase exixir unha formación complementaria que adecue as competencias adquiridas ao exercicio profesional na Garda Civil.

3. Os estudos a que se refire o punto anterior serán fixados polo director xeral da Garda Civil por proposta do Mando de Persoal e Formación e poderán ser impartidos polo Centro Universitario da Garda Civil, logo do informe do Ministerio de Facenda e Función Pública.

4. A determinación como de altos estudos dunha actividade formativa para os efectos da alínea b) do artigo 31 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, será competencia do xefe da Xefatura de Ensino.

5. Para a asistencia a algunha actividade deste tipo poderanse establecer limitacións, en caso de ter concorrido anteriormente a unha actividade considerada como de altos estudos profesionais ou de perfeccionamento, salvo que a asistencia requira un proceso previo de selección.

6. Nos cursos en que así o determinen os ministros de Defensa e do Interior, así como para asistir ao curso para o desempeño das funcións de oficial xeneral e ao curso para a obtención do diploma de estado maior será seleccionado un número limitado de alumnos mediante avaliacións previas, que serán realizadas conforme o que se estableza na normativa que regule as avaliacións e os ascensos na Garda Civil.

Artigo 62. Curso de capacitación para o ascenso a xeneral de brigada e curso de estado maior das Forzas Armadas.

1. O curso de capacitación para o ascenso a xeneral de brigada, segundo a denominación que aprobe o Ministerio de Defensa, ten por finalidade a capacitación para o desempeño das funcións dos empregos da categoría de oficiais xenerais.

2. A aprobación dos perfís de ingreso e egreso, das competencias e dos plans de estudos, así como a xestión das correspondentes convocatorias, corresponderá ao Ministerio de Defensa. No ámbito da Garda Civil, a xestión das convocatorias corresponderá á Xefatura de Ensino.

3. O curso para a obtención do diploma de estado maior ten por finalidade complementar a capacitación do militar de carreira para o desempeño das funcións de asesoramento e apoio á alta dirección nos órganos superiores e directivos do Ministerio de Defensa e a Garda Civil e dos organismos internacionais dos cales España forma parte, así como dos estados maiores específicos, conxuntos e combinados.

CAPÍTULO V

Medidas de protección da maternidade

Artigo 63. *Conceptos xerais.*

1. As mulleres gardas civís, as alumnas do ensino de formación para o ingreso nas distintas escalas do corpo e as admitidas ás probas selectivas para o acceso ao ensino de formación da Garda Civil, que por se encontraren en período de embarazo, parto ou posparto acreditado mediante informe médico, ou por faceren uso do permiso de lactación dun fillo menor de doce meses non poidan realizar en condicións de igualdade os cursos comprendidos no ensino de formación, de perfeccionamento e de altos estudos profesionais que se desenvolvan nos centros docentes da Garda Civil, así como aos procesos selectivos previos que tivesen que superar para acceder a eles, gozarán das medidas de protección á maternidade recoñecidas neste capítulo.

2. As mulleres que opten por acollerse a estas medidas deberán acreditar, mediante informe médico oficial e ante o director do centro docente correspondente ou ante o órgano que determine a convocatoria de cada curso, a limitación para realizar as probas selectivas ou o curso correspondente.

3. As convocatorias dos cursos no ámbito do ensino da Garda Civil conterán unha parte específica onde se indicarán as medidas de protección á maternidade aplicables, conforme o disposto neste regulamento.

Artigo 64. *Medidas relativas aos procesos de selección para o ingreso na Garda Civil.*

1. As mulleres admitidas aos procesos de selección para o acceso ao ensino de formación da Garda Civil, que se encontren nalgunha das situacións establecidas no número 1 do artigo 63 deste regulamento, realizarán as probas físicas conforme as seguintes directrices:

a) Unha vez acreditada a súa situación conforme o disposto no artigo anterior, a Sanidade da Garda Civil indicará se a limitación alcanza a totalidade ou unha parte das probas que hai que realizar, mediante informe.

b) As probas para as cales non teña ningún tipo de limitación serán realizadas na data establecida na convocatoria, en igualdade de condicións que o resto dos aspirantes.

c) As probas que non se poidan realizar conforme o informe antes citado serán realizadas, á elección da interesada, nas datas alternativas que así se indiquen na correspondente convocatoria, que, en todo caso, serán con anterioridade á data de incorporación ao centro docente de formación, ou nas datas que se establezan na convocatoria referida á provisión anual de prazas inmediatamente seguinte, e para isto deberán solicitar o correspondente adiamento.

d) Se nesta data a interesada tampouco pode realizalas por encontrarse noutro período de embarazo, parto ou posparto, ou permiso de lactación dun fillo menor de doce meses, poderá elixir de novo entre as dúas opcións indicadas. De non facelo, a aspirante perderá todo dereito e expectativa á praza condicionada.

e) Se as probas adiadas se realizan en convocatoria distinta á orixinal, a aspirante quedará exenta de cumprir os requisitos de idade da nova convocatoria. Igualmente, non lle serán de aplicación os requisitos de titulación na nova convocatoria, en caso de que variasen respecto á orixinal, e deberán manter as restantes condicións establecidas na convocatoria inicial.

f) De se adiar a realización dalgunha proba, a aspirante ten dereito a non realizar as probas que superase, sempre e cando sexan iguais ás da convocatoria, e a obtención da praza que obtivese quedará condicionada, se é o caso, á superación do resto de probas adiadas. Entenderase que obtivo praza cando o permita o posto de escalafón que lle corresponda pola puntuación alcanzada no proceso selectivo en que supere as probas adiadas.

2. En caso de que a aspirante supere integramente o proceso selectivo, o órgano de selección incluíraa na relación dos propostos como aspirantes seleccionados para seren designados alumnos, e indicará expresamente a convocatoria en que iniciou o proceso de selección. En calquera caso, a interesada ingresará no centro docente de formación coa promoción dos admitidos na convocatoria en que supere as probas adiadas.

Unha vez que a aspirante, tras finalizar o seu período de formación, se incorpore á escala correspondente, asignaráselle a antigüidade que lle correspondese, en caso de telo feito na convocatoria en que iniciou o proceso de selección, cos efectos económicos correspondentes.

Artigo 65. *Medidas relativas ao ensino de formación.*

1. No caso de que a aspirante proposta para ingresar como alumna non poida facer a súa presentación no centro docente de formación por encontrarse nalgunha das situacións establecidas no número 1 do artigo 63 deste regulamento, terá dereito a pospoñer a súa incorporación ao centro, ou á reserva de praza por unha soa vez, para iniciar o ensino de formación na primeira oportunidade que se produza unha vez que cesase a causa que o impediu.

2. A alumna dos correspondentes cursos de formación que se encontre en período de embarazo, parto ou posparto acreditado mediante informe médico, ou por facer uso do permiso de lactación dun fillo menor de doce meses, terá dereito a:

a) Non causar baixa no centro docente de formación por insuficiencia de condicións psicofísicas ou por non superar dentro dos prazos establecidos as probas previstas nos plans de estudo, sempre que estas circunstancias estivesen motivadas polo seu estado.

b) Non computar como consumidas as probas ou convocatorias nas cales non puidese participar por motivo do seu estado.

c) Non volver cursar os módulos, materias ou disciplinas xa superados en caso de ter que repetir curso por razón do seu estado, excepto se estas son probas médicas ou físicas cuxa valoración fose determinante no curso correspondente ou se no plan de estudos se determina a asistencia obrigatoria a algunha delas.

d) Fixar a súa residencia fóra do centro docente.

3. Na medida do posible, o centro docente de formación facilitaralles ás alumnas que se encontren en período de embarazo, parto ou posparto acreditado mediante informe médico, ou por facer uso do permiso de lactación dun fillo menor de doce meses:

a) Cursar os módulos, materias ou disciplinas que non precisen unha asistencia presencial ás clases, mediante o ensino a distancia.

b) Asistir ás probas e aos exames en datas alternativas, pero sempre antes da finalización do curso.

c) Adaptar o réxime de vacacións da alumna para compatibilizar a súa situación co réxime docente.

Artigo 66. *Medidas relativas ao ensino de perfeccionamento e ao de altos estudos profesionais.*

1. A muller garda civil que por encontrarse nalgunha das situacións establecidas no número 1 do artigo 63 deste regulamento non poida participar nos procesos selectivos para acceder aos cursos correspondentes ao ensino de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais, ou unha vez nomeada alumna vexa imposibilitada a súa asistencia a eles polas causas indicadas, terá dereito a

a) Á reserva de praza na próxima convocatoria do mesmo curso. De volver a encontrarse a interesada nalgunha das situacións establecidas no número 1 do artigo 63 deste regulamento, poderá exercer o dereito de reserva de praza nunha segunda e última convocatoria.

b) Na seguinte convocatoria, á exención dos requisitos de idade, de acreditar unha titulación distinta á exigida na convocatoria orixinal ou de realizar probas físicas que xa superase na convocatoria orixinal.

c) Á non contabilización como consumida da convocatoria á cal non puido concorrer polo seu estado.

2. Nos casos en que a muller garda civil cause baixa do curso por exceder o número de faltas de asistencia, motivadas por períodos de embarazo, parto ou posparto acreditado mediante informe médico, ou por facer uso do permiso de lactación dun fillo menor de doce meses, no seguinte curso que realice, en aplicación do disposto no número 1.a, quedará exenta de cursar de novo os módulos, as materias e as disciplinas xa superados.

Non obstante o anterior, no caso de que nos módulos, materias e disciplinas xa superados se valore de forma determinante a condición física dos alumnos para a superación global do curso, a exención mencionada no parágrafo anterior poderá quedar suspendida se así se establece nos plans ou programas de estudos ou nas convocatorias de curso correspondente.

3. Na medida do posible, o centro docente facilitaralles ás gardas civís alumnas dos cursos de perfeccionamento e de altos estudos profesionais, que se encontren nalgunha das situacións establecidas no número 1 do artigo 63 deste regulamento, as medidas descritas no número 3 do artigo anterior.

CAPÍTULO VI

Dos centros docentes e do Centro Universitario da Garda Civil

Artigo 67. *Xeneralidades sobre os centros docentes.*

Na estrutura docente da Garda Civil poderán existir centros docentes de formación, de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais, coas denominacións de academia, escola, colexio ou outras.

Para efectos técnico-docentes, todos eles estarán baixo a dependencia da Xefatura de Ensino da Garda Civil.

A dependencia técnico-docente débese entender para efectos de aprobación de cursos, programas formativos e de desenvolvemento dos distintos plans de estudo, establecemento de criterios xerais para homologacións e confirmacións e autorizacións para a expedición de títulos no ámbito da Garda Civil.

Artigo 68. *Centros docentes de formación.*

1. Centro docente de formación é o centro pertencente á estrutura docente da Garda Civil responsable do ensino de formación militar, de corpo de seguridade e técnica que corresponda.

Os centros docentes de formación da Garda Civil son os seguintes:

- a) Academia de Oficiais da Garda Civil, para a incorporación á escala de oficiais.
- b) Academia de Suboficiais da Garda Civil, para a incorporación á escala de suboficiais.
- c) Academia de Gardas da Garda Civil, para a incorporación á escala de cabos e gardas.
- d) Colexio de Gardas Mozos, para a incorporación á escala de cabos e gardas.

As normas que desenvolvan este regulamento poderán establecer unha dirección única para máis dunha academia, ou dúas ou máis seccións por cada un dos ditos centros.

2. Con independencia do recollido no punto anterior, nos centros docentes de formación poderanse impartir, total ou parcialmente, os cursos de capacitación do ensino de perfeccionamento recollidos neste regulamento ou actividades formativas consideradas como de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais.

Artigo 69. *Organización e funcionamento dos centros docentes de formación.*

Os ministros de Defensa e do Interior aprobarán conxuntamente as normas de organización e funcionamento dos centros docentes de formación da Garda Civil.

Artigo 70. *Centro docente de perfeccionamento.*

Créase o Centro de Perfeccionamento da Garda Civil baixo a dirección da Xefatura de Ensino da Garda Civil. Este centro realizará a coordinación técnico-docente das escolas ou centros da Garda Civil que impartan algunha ou algunhas das ensinanzas de perfeccionamento.

Artigo 71. *Centro Universitario da Garda Civil.*

O Centro Universitario da Garda Civil rexerá polo establecido no artigo 41 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

CAPÍTULO VII

Da avaliación da calidade do ensino

Artigo 72. *Conceptos xerais da avaliación.*

1. O sistema de ensino da Garda Civil será avaliado mediante un proceso continuo que ten por finalidade asegurar e, se é o caso, mellorar, a calidade do ensino, conforme o disposto neste capítulo.

2. O obxecto da dita avaliación é determinar se a estrutura do ensino, os procedementos utilizados, os plans de estudo deseñados e os réximes do alumnado e profesorado se adecúan ás finalidades do ensino, segundo se determina no artigo 28.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

3. Serán obxecto de avaliación o ensino de formación, o ensino de perfeccionamento e o de altos estudos profesionais, así como os centros docentes da Garda Civil, mediante os sistemas de autoavaliación, avaliación externa ou avaliación específica.

Artigo 73. *Avaliación dos centros docentes.*

1. Os centros docentes serán avaliados mediante os sistemas de autoavaliación e de avaliación externa e poderanse seguir modelos de avaliación oficialmente recoñecidos. Serán obxecto de avaliación, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) A organización do centro.
- b) A implementación dos plans de estudo.
- c) O réxime do profesorado.
- d) O réxime do alumnado.

2. A autoavaliación do centro docente é un proceso continuo levado a cabo polo seu propio equipo de avaliación, con carácter anual, coa finalidade de analizar os seus procesos e resultados obtidos, os cales permitirán identificar os puntos fortes e as deficiencias e os seus consecuentes plans de mellora.

3. A avaliación externa do centro docente será realizada por un órgano de avaliación alleo ao centro docente analizado coa frecuencia e co contido que determinen de maneira conxunta os ministros de Defensa e de Interior. Mediante a avaliación externa preténdese validar as autoavaliacións realizadas con anterioridade optimizando os seus resultados e os plans de mellora establecidos para o efecto.

Artigo 74. *Proceso de avaliación dos centros docentes.*

1. O proceso de avaliación contará con tres fases diferenciadas:
 - a) Obtención de información.
 - b) Análise de datos.
 - c) Informe.
2. Durante a fase de obtención da información, o órgano de avaliación solicitará todos os datos sobre o centro docente avaliado que considere necesarios para poder levar a cabo as súas funcións.
3. Na fase de análise, o órgano avaliador valorará o grao de cumprimento dos obxectivos propostos e dos resultados obtidos.

Artigo 75. *Avaliación dos plans de estudos.*

1. Os plans de estudo do ensino de formación serán avaliados coa frecuencia e contido que conxuntamente determinen os ministros de Defensa e do Interior, e terán por obxecto valorar a adecuación da formación proporcionada aos gardas civís coas funcións e responsabilidades que estes desempeñarán no seu primeiro emprego militar.
2. Este sistema de avaliación incluírá un informe sobre as competencias teóricas e prácticas adquiridas polo garda civil, para o normal desempeño das súas funcións e responsabilidades, de acordo co procedemento que se determine.
3. A universidade á cal estea adscrito o Centro Universitario da Garda Civil será a responsable do cumprimento dos estándares de calidade dos distintos plans de estudos que se impartan nel segundo determine a normativa vixente.

CAPÍTULO VIII

Dos recoñecementos e das validacións

Artigo 76. *Xeneralidades.*

1. Con carácter xeral, efectuarase o recoñecemento, para efectos internos de formación no sistema de ensino da Garda Civil, de disciplinas ou grupos delas similares en créditos e contidos, ou a validación ou homologación, para eses mesmos efectos, no ámbito do ensino da Garda Civil, dos módulos ou disciplinas cursadas no Sistema educativo español, nas Forzas Armadas ou outras administracións públicas, se é o caso, ou en centros docentes doutros corpos policiais, así como entre ensinanzas cursadas nos centros docentes da Garda Civil.

Para estes efectos, entenderase por módulo o conxunto de contidos temáticos relativos a un ámbito de coñecemento determinado, que se poderá compoñer de materias e/ou disciplinas.

2. Correspóndelle ao xefe da Xefatura de Ensino adoptar as resolucións correspondentes ás solicitudes formuladas de recoñecemento, homologación e validación previstas no punto anterior no ámbito do ensino da Garda Civil, logo de informe, se é o caso, da Oficina do Catálogo de Cualificacións Específicas da Garda Civil.

Artigo 77. *Recoñecementos de créditos.*

Poderán ser obxecto de recoñecemento, na estrutura docente da Garda Civil, as ensinanzas dos estudos que conduzan á obtención de títulos oficiais españois con validez en todo o territorio español e que tivesen recoñecida tal condición na lexislación educativa.

Así mesmo, serán obxecto de recoñecemento tanto as ensinanzas cursadas na Garda Civil como a experiencia profesional, segundo se determine na lexislación educativa, como parte do currículo do ensino de formación para a incorporación ás distintas escalas da Garda Civil.

En caso que as ensinanzas obxecto de recoñecemento fosen tidas en conta para efectos de continuación de estudos na Garda Civil, a súa cualificación sería de 5 ou, se é o caso, de apto.

Artigo 78. Homologacións no ámbito do ensino da Garda Civil.

No ámbito da Garda Civil poderanse homologar títulos, diplomas ou cursos realizados outorgándolles os mesmos efectos que a un título, diploma ou curso da Garda Civil co cal se homologa. En ningún caso se poderá exixir resarcimento polos títulos ou estudos homologados.

Artigo 79. Confirmacións no ámbito do ensino da Garda Civil.

A validación de parte dun curso da Garda Civil outorga os efectos que correspondan aos módulos ou ás disciplinas que se validen.

En todo caso, os módulos ou as disciplinas obxecto de validación, para efectos de continuar un curso na Garda Civil, serán cualificados cunha nota de 5 ou, se é o caso, de apto.

Artigo 80. Exclusiones.

1. Con independencia do disposto nos artigos anteriores deste capítulo, non serán obxecto de recoñecemento, homologación ou validación os seguintes cursos ou estudos realizados:

- a) Os que carezan de validez académica oficial.
- b) Os que xa fosen recoñecidos, homologados ou conteñan partes que xa fosen validadas polo órgano competente da Garda Civil.
- c) Os que exixan a superación dunhas probas de acceso para a súa realización, entre as cales se inclúen, se é o caso, os exames previos e as entrevistas.
- d) Nas actividades formativas do ensino de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais, os estudos que se cursasen nos plans de estudos do ensino de formación para a incorporación ás distintas escalas do corpo.
- e) As que non teñan a consideración, polo menos, de curso, de acordo co previsto neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento.
- f) Aqueles en que o solicitante non reúna os requisitos fixados na cualificación ou na última resolución de convocatoria do curso da Garda Civil, neste último caso para a validación.
- g) Aquelas ensinanzas que na lexislación educativa vixente tivesen excluída a dita posibilidade.

2. Así mesmo, o tempo de servizos na Administración pública en ningún caso será homologado nin validado.

CAPÍTULO IX

Retribucións dos alumnos dos centros docentes de formación para acceso ás distintas escalas do corpo da Garda Civil

Artigo 81. Retribucións dos alumnos que ingresen polo sistema de acceso directo nos centros docentes de formación.

1. O réxime retributivo dos alumnos dos centros docentes de formación para ingreso á escala de oficiais da Garda Civil, durante o período que cursen os alumnos que ingresasen sen exixencia de titulación universitaria previa na Academia Xeral Militar do Exército de Terra, e mentres non lles sexa concedido o emprego de alférez con carácter eventual, será o establecido para os alumnos do ensino militar de formación.

Os alumnos dos centros docentes de formación para ingreso á escala de oficiais da Garda Civil, con exigencia de titulación universitaria previa, e mentres non lles sexa concedido o emprego de alférez con carácter eventual, percibirán mensualmente o 60 % do soldo do grupo/subgrupo C2 sen dereito a pagas extraordinarias.

Con independencia da exigencia de titulación universitaria previa, os alumnos dos centros docentes de formación para ingreso á escala de oficiais da Garda Civil aos cales se lles conceda o emprego de alférez con carácter eventual percibirán o soldo e as pagas extraordinarias correspondentes ao dito emprego.

2. Os alumnos dos centros docentes de formación para o acceso á escala de cabos e gardas percibirán o soldo e as pagas extraordinarias correspondentes ao emprego de garda civil.

3. Os alumnos aos cales se lles concedese con carácter eventual o emprego de alférez ou de garda civil que realicen prácticas desempeñando un posto de traballo nalguna unidade, así mesmo, percibirán as retribucións complementarias de carácter xeral asignadas ao citado emprego e as complementarias do dito posto.

4. Aqueles alumnos que, no momento do seu ingreso nos centros docentes de formación, estivesen prestando servizos na Administración xeral do Estado, sen prexuízo da situación administrativa en que se encontren, poderán optar entre as retribucións indicadas anteriormente ou as básicas que viñan percibindo máis o complemento de emprego ou de destino que lles correspondía, de acordo co seu nivel ou polo seu grao persoal consolidado e, se é o caso, o compoñente xeral do complemento específico.

5. Os alumnos aos cales se refire o presente artigo cotizarán ao Instituto Social das Forzas Armadas (Isfas) segundo o establecido no Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre seguridade social das Forzas Armadas, en función do grupo retributivo ou haber regulador correspondente, e estarán suxeitos ao pagamento dunha cota de dereitos pasivos do tipo porcentual establecido no artigo 23 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, en función do haber regulador correspondente ao emprego que, con carácter eventual, se lles concedese.

6. Os alumnos que adquiren a condición de garda civil despois de superar o ensino de formación nos centros docentes de formación correspondentes estarán incluídos no réxime xeral da Seguridade Social, en virtude do establecido na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, sen prexuízo do réxime das pensións extraordinarias previsto na normativa de clases pasivas do Estado.

Artigo 82. Retribucións dos alumnos que ingresen nos centros docentes de formación polo sistema de promoción profesional.

Os alumnos que ingresen nos centros docentes de formación por promoción profesional, para acceso a algunha das escalas do corpo da Garda Civil, continuarán percibindo as retribucións correspondentes á súa situación administrativa excepto, se é o caso, o complemento de produtividade e/ou o compoñente singular por zona conflictiva.

Non obstante, aqueles aos cales se lles conceda o emprego de alférez ou sarxento, con carácter eventual, poderán optar entre percibir o soldo e as pagas extraordinarias correspondentes aos citados empregos ou as retribucións indicadas no parágrafo anterior.

Artigo 83. Cómputo, para efectos de trienios, do período de formación dos alumnos dos centros docentes de formación.

1. Aos alumnos que ingresen directamente nos centros docentes de formación das Forzas Armadas ou da Garda Civil, que previamente tivesen un emprego militar na Garda Civil, e aos que ingresen por promoción interna ou por cambio de escala computaráselles, para efectos de trienios, o tempo permanecido no centro docente. Se durante o dito período perfeccionan algún trienio, concederáselles no grupo correspondente ao que perciben as súas retribucións.

2. Os alumnos non incluídos no punto anterior que ingresen directamente nos centros docentes de formación das Forzas Armadas ou da Garda Civil, para acceso a algunha das súas escalas, non devindicarán trienios. Non obstante, ao accederen á escala correspondente, computaráselles, para efectos de trienios, o tempo transcorrido a partir da data do seu nomeamento, con carácter eventual, como alférez ou garda civil, así como o tempo de servizos prestado con anterioridade na Administración do Estado ou nas Forzas Armadas.